

**Premios
Mondariz á
rehabilitación
arquitectónica**

Páxinas 15

**Festas do
Cristo en O
Porriño**

Páxina 21

**Tomiño
homenaxea a
Daniel Pino**

Páxina 25

**A Guarda esixe
á Xunta
transparencia
na concesión de
obradoiros de
emprego**

Páxina 26

Concentración o venres 30 para esixir o soterramento das vías do tren no Porriño



Páxina 18

**Restriccións no consumo de
auga en As Neves polas
cinzas dos incendios**

Páxina 10

**IV Ruta Pincho
Folk en Salceda**

Páxina 17



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

0 conto da unidade de mercado

De certo que moitas persoas ficarían pampas diante da adxudicación dos postos do polbo de San Froilán de Lugo a un “chiringuito financeiro” madrileño, sen experiencia hostaleira ningunha. Máis graves foron as adxudicacións dos servizos de comedores escolares a empresas andaluzas que non cumprían os mínimos niveis de calidade e fornecían xantares propios do Sur peninsular, desaquelados a respecto dos nosos costumes e necesidades. Por outra banda, son continuas as queixas a respecto da ca-

lidade e axeitamento da comida no Hospital Alvaro Cunqueiro de Vigo, cando a alimentación dos doentes hospitalarios é parte do propio tratamento médico.

Subxace en todos estes casos a sacralización do único criterio do prezo, que beneficia as ofertas das empresas máis grandes e con mellor financiamento. Grandes empresas estatais ou multinacionais, con importantes vencellos cos operadores políticos, mediáticos e financeiros madrileños, que están a expulsar ou, polo menos, a subordinar ás empresas locais (as nosas,

as galegas) que son as que achegan experiencia técnica e coñecemento sectorial.

Baixo o pretexto de garantir a unidade de mercado o PP de Rajoy abusou da súa maioría absoluta para aprobar, na fin do 2013, unha lei “ad hoc” que impide ou dificulta en moi grande medida que a Xunta e os nosos concellos poidan priorizar na contratación administrativa e na regulación da actividade empresarial circunstancias ou requisitos que potencien a contratación de persoal local, que esixan requisitos ambientais ou de calidade propios de Galicia ou que tenten fomentar o tecido empresarial local.

Esta Lei de garantía da unidade de mercado (que estudou a oito a Profesora da

USC Alba Nogueira, experta en Dereito Público), xunto con outras normas, como a de modernización dos gobernos locais, constitúen en realidade un mecanismo de recentralización que recorta substancialmente o autogoberno galego e local, ao tempo que fana as posibilidades dos Poderes galegos para reactivar a actividade económica e o desenvolvemento sostíbel. Potenciando aos de fóra, mancan as nosas empresas e danan o noso benestar.

Miran moi ben o que lles convén e, para iso, contan os contos que lles cómpre.



Neutralidades que matan

Absterse ou votar en branco son decisións lexítimas. Pero non son, aquí e agora, decisións cívicas, decisións de cidadáns responsábeis. Galicia enfronta unhas eleccións nacionais decisivas, nas que nos xogamos afondar na depresión social, económica e política que presidiu a vida do noso país nos últimos sete anos e medio ou posibilitar unha alternativa plural que tente darlle a volta a un presente no que sobrancea o abandono do territorio e do medio rural, a emigración da xente

nova máis cualificada, a falla de oportunidades empresariais e unha ferreña dependencia dun Madrid cada vez máis invasivo, recentralizador e monopolizante.

A pluralidade de opcións fronte á dereita é unha realidade, é unha circunstancia. E, ben mirado, é unha oportunidade. Existe unha oferta variada que permite escoller cal é o matiz que cada quen quere privilexiar para lle dar o relevo á onnipresente dereita de Rajoy e Feijóo. En Marea, Compromiso, BNG ou PSdeG están hoxe por un cambio

substantivo, malia que gradual e tranquilo, polas propias limitacións do marco institucional e pola propia dinámica dun goberno alternativo que terá que botar mán do consenso, da participación e da seducción social como principais ferramentas de traballo. Os candidatos principais (Villares, Pontón, Leiceaga ou Bascuas) son persoas honestas e competentes. Non son tolos visionarios nin demagogos. E semellan ser quen a traballar en equipa.

O que se xoga o 25-S non é a revolución, nin a independencia, senón a posibilidade de executar un programa de goberno de ampla base, que mire polos intereses das maiorías sociais, que reactive en beneficio dos máis a economía, que use

e amplíe o autogoberno como ferramenta principal do benestar e que se poña a traballar nos grandes eixos do noso futuro: ordenación territorial, política portuaria, innovación, sectores primarios, reindustrialización, acción exterior, afirmación da nosa lingua e cultura... Un programa de goberno plural, pero consensuado, realista, mais transformador, que rache coas inercias e poña en valor o traballo de ducias de milleiros de galegos con ideas e aptitudes. Que poña de vez Galicia na Europa e no mundo.

Sempre haberá repunantes. Mais desta volta o que non vote que non veña chorando despois. Porque hai neutralidades que matan.

Mero

por: Baldomero Iglesias Dobarrio

Sería desexable

Imaxinade por un momento que o PP perdesse as eleccións, e non só en Galiza senón tamén no Estado. Imaxinades en que territorio penal caerían todos eles? Sería unha certa garantía de xustiza (daquelas, separados do poder e podendo defenderse de tanta sospeita e evidencia, pero sen ambigüidades xusticeiras), e de traballo para todo o corpo de xuíces, fiscais e xentes da xudicatura. Posiblemente non chegarían os cárceres para tanta xente que hoxe agacha tras de silencios e de convivencias, dos avoltos ríos da manipulación, conspiración e complicidades. Sería bo, aunque tan só fose para nos dar conta do que todos xa sabemos e nos teñen oculto. Pero, no suposto de que perdesen, farían forza, empregarian todas as armas e mesmo os medos como nos teñen afeitos. As ameazas do caos para que todo siga na lánguida monotona das demoras, do derrubamento social. Eles nunca falarían de democracia para poñela en valor, non saben dela nin da vontade cidadá que quere corrixir os erros pouco a pouco, nin de reparto de beneficios que sempre cae entre eles, nin de pagar impostos os ricos, nin de devolver os cartos que roubaron, ...entón onde estamos?

Agora, volvendo á realidade, cando chegue o tempo de votar e de escoitar o que

prometen, moitos farán oídos xordos e, sen querelo ou querendo, serán cómplices. De-

beremos ter moito coidado dos que engaiolan con palabras, en todos os bandos, son capaces de enfeitizarnos con cantos de serea sen que lles poidamos ver a cara ou, sequera, chegar a tocalos. No Estado Español, polo menos, estallan a facer a oposición debida uns cantos grupos que eles chaman “extremistas”. Pero aquí a cousa está moito máis crúa. Sementaron divisións nos seus contrarios. E por riba, recibimos as limitacións e os recortes por duplicado, os de alá e logo aumentados coa aquiescencia dos de aquí, dúas apisoadoras a un tempo, que suman máis miseria da que nunca soñamos. Iso é o que temos, unha aquí cos do PP que decretan en Madrid, e outra que decreta de cerca, tamén polo PP desde San Caetano. Por riba a oposición

anda a soprar foulas nos ombreiros dos que ten ao lado. Eu ben sei que isto de conciliar vontades non vai con soberbias actitudes. Anque tamén penso que se non son quen de conciliar entre eles, de chegar a algún



acordo para enfrontarse aos que corruptos nos teñen nesta situación lamentable, tampouco serán quen de gobernar estruturas máis amplas, nin de xestionar o que temos. A verdade é así, crúa pero leva a ese xuízo do evidente. Non serán quen de gobernar espallados e buscando liñas vermellas de incompreensión, gastando as enerxías aleatoriamente en batallas inútiles que nos

levan a ningures. Xa se sabe que a política fai torcer camiños e turba as mentes lúcidas que un día foron, sometendo a pactos que contradín o que sempre pensaron, desdicindo, correndo para a foto nos medios que os reverencien como personaxes adaptados ás esixencias ideolóxicas que fan falta e que outrora tiñan. Entón xorde en nós a memoria, e revisamos aquilo que algún día dicían. Trocaron de filosofía, agora “evolucionaron” desde unha interesada confusión para formar calquera tipo de goberno, a pesar deles, a pesar de todo pero sen ser capaces de dar claridade e moito menos de saber porque evitan os intereses da xente. Chegan a esquecer que o respecto radica no servizo público, mellorar as condicións de vida, sobre todo as dos marxinados e, por moi difícil que poida parecer, loitando é posible todo se se suman forzas, facendo corpo, mesmo o imposible se acada, como aquilo que nun principio eu dicía de facer perderlle ao PP os abusivos gobernos. Para que a idea trunfe cómpre a man de todos e sumar vontades, confluindo sen outros prexuízos (destrúen calquera base de confianza), para facer realidade os proxectos de melloras sociais que agora, neste preciso País, se necesitan.



EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Salvemos ao soldado Ryan!!

Ben. Aí temos unhas próximas eleccións autonómicas. A ver como podemos explicarlles que asistimos a un enfrontamento político desigual.

É certo que todos os partidos teñen liberdade para expoñer os seus programas, pero tamén non é menos certo que o equipo gobernante, léase o PP, ten todas as bólas da partida ao seu favor.

Feijóo vese arroupado polos medios que lle son afíns; léase todos os medios galegos e parte dos estatais. Durante toda a campaña, e xa moito antes de comezara oficialmente, tiveron a curiosidade de anotar as noticias e os artigos de opinión que se atreveran a poñer ao descuberto a mala política do actual goberno da Xunta. Inútil intento. Hai unha total e absoluta coincidencia en que se Feijóo fixo algo mal feito, se non atendeu ás necesidades dos cidadáns galegos como debiera, esa eiva hai que cargala no haber dos outros. Poden ser os de Bruxelas, os de Madrid (cáseque nunca) ou, aínda máis, todo se debe á herdanza que lle deixou Zapatero, tanto no Estado Español coma en Galicia co goberno Bipartido do PSOE-BNG.

Os medios de comunicación (escritos, televisivos, radiofónicos, levan meses, dende o pasado ano polo menos, cunha entrega total e absoluta á “causa Feijóo”.

É curioso observar como nunha páxina dun xornal calquera podemos ler, con toda claridade, que en Galicia a miseria ten aumentado unha barbaridade; que os mozos que teñen que emigrar aumentan cada ano; que os avós/oas deben facerse cargo dos seus netos/as para que non pasen fame, nin eles nin os seus pais; que as demandas de praza nos comedores sociais aumentan dunha maneira exponencial, e así ata o infinito. Pero, curiosamente, nese mesmo xornal comprobamos coma se amplifica dunha maneira vergoñenta, con grandes titulares, calquera cousa por insignificante que sexa, que o goberno, cunha exposición fotográfica fóra de lugar, acaba de prometer, publicar no DOGA ou simplemente ofertar sen compromiso ningún de execución novas obras e proxectos non distintos concellos.

O montante total de investimentos ofertados durante este ano, cun presuposto pechado e sen posibilidades de modificar, é moi superior a todos os compromisos que o goberno de Feijóo ten plasmados nos orzamentos de todos os últimos anos. Sen que

se lle caia a cara de vergoña paséanse polos distintos concellos cuns papeis baixo o brazo que son, iso é o que afirman, proxectos, orzamentos, de obras que se comprometen a realizar nun prazo de poucos meses; é dicir, durante o que falta de ano. Investimentos que os distintos alcaldes e colectivos sociais veñen esixindo nos últimos anos, de súpeto, sen explicar de onde van saír os cartos, son comprometidos con todo tipo de detalle polos representantes da Administración. Poden ser arranxos de centros escolares co curso xa avanzado e que ata agora resultaba imposible solucionar; poden ser axudas á beneficencia que foron recortadas escandalosamente nos últimos anos; poden ser aumento de bolsas para estudantes que dicían xa non era posible aumentar, etc. O que vdes. queiran. Aquilo de que nos prometen unha ponte e se temos río, non hai problema, tamén nos traen un río é unha constante vergoñenta nos últimos meses. Pero non busquen vdes. un xornal que denuncie con titulares esta política trampa do equipo de goberno. Todo o contrario; verán vdes. os políticos de turno acompañados de supostos funcionarios implicados no tema a resolver e, por desgracia e vergoña allea, tamén acompañados por alcaldes, que saben é mentira todo iso que agora lles prometen, e préstanse a este xogo noxento, só por saír na foto e presumir de ter contactos nas altas instancias do Poder.

Un día si e outro tamén, poderán vdes. comprobar contando polos dedos, como facían as nosas avoas e avós, a desproporción asquerosa entre as manifestacións dos representantes políticos da Oposición e o que din, ás veces simples chorradas, calquera membro do goberno actual.

As enquisas son unha auténtica vergoña. A súa función principal consiste en endozarllela a boca aos pequenos partidos da Oposición co caramelo de que van estar no Parlamento, de que van ser decisivos, que teñen que mobilizarse. Puidera parecer que o obxectivo non é para axudar a Feijóo, pero aí está a trampa. Se coñecen a famosa lei de HONT, a que determina como se adjudican as actas danse conta de que todos os votos que consigan pequenos partidos e non cheguen ao mínimo do 5% para adxudicarlle un deputado/a, van favorecer sempre a lista máis votada que, todos sabemos, vai ser o PP en todas as circunscricións electorais. O asunto é facernos ver que estamos

preñado de pillar cacho; que se nos esforzamos un chisco e mobilizamos aos nosos simpatizantes podemos chegar ao Pazo do Horreo. Este proxecto sibilino vense ofertando cada día que pasa e cada vez con maior insistencia.

As enquisas non se deteñen en informar que un elevado número de votantes aínda non ten decidido o seu voto; que se eses votantes que non son simpatizantes do PP foran ás urnas, o PP perdería as eleccións por goleada. Pero non; isto non interesa destacalo; hai que manter acesa a chama de que o PP vai gañar por pouco e que todos os demais poden gañar tamén. Así deste xeito o reparto de votos da Oposición resulta determinante para que gañe Feijóo.

Imaxinen vdes. que as enquisas nos dixeran que fagan o que fagan os votantes das pequenas formacións non van conseguir nada: Neste caso podería darse o fenómeno chamado do “voto útil”, daqueles votantes que sabendo nada vai conseguir o seu partido, e querendo desalojar a Feijóo da Xunta, poderían inclinarse a votar aos partidos que teñen máis posibilidades de facelo. Non, isto non interesa destacalo. Hai que telos enganados cos posibles caramelos, en forma de acta de deputado/a para que non se inclinen por esta opción.

Se aquí tiveramos unha segunda volta para votar este fenómeno xa non se daría. Cada quen sabería como apoiar aquela opción política que máis se aproximara ás súas esixencias políticas ou, simplemente, quedaríase na casa se non estivera disposto a darlle o seu voto a organizacións políticas que están lonxe do seu modelo de sociedade.

Aquí xogámolo todo a un só partido. O campo de xogo determinado de antemán; as regras de xogo son establecidas polos de sem-


pre; os árbitros, de campo e de liña, xa saben a quen teñen que pitarlle falta e cando.

Todos vdes. saben, porque é vox populi que se o Madrid ou o Barcelona estiveran na final da Liga lonxe dos primeiros postos xa se encargarían os árbitros de pitarlle faltas a favor ao borde da área, ou penaltis inexistentes; pero eses equipos, e algún máis, teñen que rematar a Liga sendo os mellores situados da tabela. En política este traballo fanlo os medios de comunicación que, actualmente, son tóxicos, alienantes e socialmente perigosos. Isto non é unha “boutade”. Isto é o resultado de máis de trinta anos medido entre os fogóns da información. Sei moi ben o que digo.

Que vdes. o boten ben, con B ou con V. Como gusten

Humor

Félix



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Por: Francisco Puñal Suárez

Eliminan as siglas do PP da campaña electoral de Nuñez Feijóo

O patio político da nación está pendente das eleccións nas comunidades vascas e galegas.

En Galicia, Rajoy ten postas as súas esperanzas?

Mais, por que nos carteis propagandísticos do candidato galego do Partido Popular ás eleccións autonómicas do 25 de setembro, as terceiras nas que Alberto Núñez Feijóo aspira á presidencia da Xunta de Galicia, non aparecen as siglas do seu partido?

Avergoñase Feijóo do seu grupo político?

Nin Manuel Fraga, na súa carreira política, fixo unha campaña personalista que obviase o nome do seu partido.

As siglas do Partido Popular están tan devaluadas -caso Gurtel, caso Bárcenas, caso Soria, caso corrupción e financiamento ilegal dese partido, caso destrución do com-

putador de Bárcenas con 35 marteladas, imputación do PP de Valencia por "branqueo", etc, etc- que eles mesmos decidiron non usalas. O obxectivo é non lembrar aos electores esa realidade, incrementar a campaña do medo á alternativa política e que o legado sociolóxico herdado das estruturas do pasado déanlle a maioría de votos.

Os asesores da campaña de Feijóo, o alumno avantaxado de Rajoy, aconselláronlle que fuxise do nome do seu partido e el viuño ben, senón como se explican os carteis que alagan as cidades galegas sen o nome do PP?

Mentres tanto en Ourense, co apoio do presidente da Deputación, José Manuel Baltar, imputado por prevaricación e suborno, Feijóo na súa campaña electoral prometeu un parque acuático na única provincia galega sen mar.

Humor

Hermanager Produccións



Humor

Alireza Pakdel



Grande Prêmio do 43º Salão Internacional de Humor de Piracicaba.



FUCO PRADO



PONTEAREAS

Ponteareas solicitará que a Xunta de Galicia asuma o Conservatorio

O Conservatorio Profesional de Música "Reverian Soutullo" de Ponteareas é un centro público no que se imparten as ensinanzas de réxime especial, conducentes a titulación oficial na especialidade de Música. Depende economicamente na actualidade do Concello de Ponteareas. Conta con 19 profesores de música, 1 administrativo e imparte 15 especialidades.

O Goberno local propón solicitar á Xunta de Galicia que asuma a xestión e financiamento do conservatorio, dado que as taxas que o alumando paga non chega a financiar o 35% do seu custe e

o resto debe financiarse con recursos propios do Concello. A maiores, o custe dos estudos no Conservatorio Profesional de Ponteareas para o alumnado chega a ser o triple en comparación cos Conservatorios de Música da Consellería de Educación.

Cabe sinalar tamén que a enseñanza musical regrada é unha competencia impropia da administración local e a súa área xeográfica de máis de 80.000 habitantes é semellante a de outros conservatorios da Consellería. O centro educativo sitúase nun punto estratéxico no mapa, que favorece a súa proxección no

sur de Galiza e norte de Portugal. A súa área de influencia abrangue os municipios da comarca do Condado, a Paradanta e a Louriña. A metade do seu alumnado vive no núcleo urbano de Ponteareas, un terzo nas parroquias, mais o restante vén a estudar música desde concellos veciños como A Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tropez (Monção, Portugal) ou Vigo. O 19 % do alumnado non pertence ao Concello de Ponteareas dos 200 matriculados no presente curso académico 2016/17.

Concello e Xunta asinan un convenio para reparar os danos polos temporais do pasado inverno



“Chegar a este acordo é unha boa nova, mais entendemos que tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Fomento, administracións con competencias en infraestruturas, e, en concreto, neste tipo de actuacións ante catástrofes deben habilitar mecanismos para auxiliar a particulares, xa que as riadas non só afectaron a bens municipais”, indica o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas.

Nos meses de xaneiro e febreiro de 2016 producíronse cuantiosos danos en numerosas infraestruturas de diversa índole en Ponteareas, por mor dos fenómenos meteorolóxicos adversos deses meses, danos como desprendementos de terras, de muros, danos en estra-

das municipais, en instalacións deportivas, ou no paseo fluvial, entre outras. Dende o Concello de Ponteareas, foi remitida á Xunta de Galicia un informe xustificativo onde se cuantifica que o importe dos danos ocasionados por mor dos dous temporais sufridos ascendía a 411.753,90 €.

O convenio asinado garante a rehabilitación dos danos de bens de titularidade municipal por unha cantidade total de 137.484,63 euros, na que se inclúe a reparación dos desprendementos de terras de noirós e terrapléns, dos muros de contención de pedra, dun campo de fútbol e da senda do Tea nun tramo de 3 quilómetros.



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

A Concellaría de Cultura convoca o XLIX Concurso de Gaitas de Ponteareas, o máis lonxevo de Galicia

O vindeiro 24 de setembro un máximo de 12 grupos presentarán ás pezas no tradicional e prestixioso certame a realizar no Auditorio Municipal.

A data límite para presentar a solicitar a inscrición na cuadraxésima novena edición do Concurso de Gaitas de Ponteareas é o 13 de setembro de 2016. O modelo está dispoñible no Departamento de Cultura ou na web, e dirixiranse ao Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas para a súa presentación.

Poderán solicitar a súa participación no concurso todos os grupos de gaitas de Galicia e dos Centros Galegos do Estado Español e do estranxeiro que toquen con gaita tradicional, sen modificación de ningún tipo.

Cada un dos grupos participantes proporcionará coa inscrición, debidamente cumprimentada, o enderezo e número de teléfono de contacto. A selección será por rigoroso orden de inscrición. A orde de participación no concurso será a correspondente coa orde de inscrición.

O día 15 de setembro, o Concello resolverá a listaxe de grupos admitidos no concurso, notificándoo a todos os inscritos.

As bases tamén poden ser consultadas no Departamento de Cultura ou na web do Concello de Ponteareas.

Os grupos participantes estarán ás 16:30 horas da tarde do sábado, día 24 de setembro de 2016, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas, a fin de percorrer as rúas da vila interpretando melodías galegas ata o Auditorio Reveriano Soutullo, onde a partir das 17:30 horas terá lugar o XLIX Concurso de Gaitas de Ponteareas.

O Concurso de Gaitas de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

- 1º Premio 1800 euros
- 2º Premio 1200 euros
- 3º Premio 900 euros
- 4º Premio 600 euros

O Concello de Ponteareas abonará a todos os grupos participantes, que non obteñan premio en metálico, a cantidade de 200 euros pola actuación realizada.

Ponteareas acolle a mostra “Unha Porta do Rial” no auditorio municipal



As obras da pintora Elhaba Carballo e o fotógrafo Riobó Prada está aberta de balde ao público do 8 ata o 29 de setembro, organizada coa colaboración da Concellaría de Cultura.

Devandita exposición, composta polas pinturas de Elhaba Carballo e as fotografías de Riobó Prada, toma como principal protagonista a O Rial, unha pequena aldea do concello de Maceda (Ourense). “Comezamos este proxecto no 2010, na aldea da que é orixinaria miña nai e na que pasei moitos momentos

da miña infancia. Eu lembraba como era a porta e ver o seu actual deterioro impactoume”, explica Elhaba Carballo. “Como transfondo tamén é unha mostra do abandono do noso rural e da actual situación social na que hai tantas aldeas sen xente e tanta xente sen casas que habitar”.

Os artistas mostran unha historia “universal” a través dun elemento tan sinxelo como característico das construcións habitadas: unha porta.

A exposición é tamén unha homenaxe ao tempo como elemento transformador das paisaxes rurais. “É boa mostra do inmenso patrimonio e beleza que hai no rural galego, que entre todas temos tratar de cooidar”, sinala a edil Hortensia Bautista.

Estas obras de Riobó Prada e Elhaba Carballo xa pasaron polo museo Marcos Valcárcel en Ourense, o Museo do Pobo Galego en Santiago, os Concellos de Maceda e Verín, e agora chega a Ponteareas. A súa próxima parada será Berlín.

A aplicación móbil do Concello ten case 650 descargas en menos de dous meses

A aplicación móbil municipal, presentada a comezos do pasado xullo deste ano, xa recibiu case 650 descargas neste pouco tempo.

A ferramenta, que foi elaborada con medios propios e sen custe ningún para as arcas municipais, “está recibindo moi boas críticas por parte dos usuarios. Unha das funcionalidades que máis útil lles pareceu foi a posibilidade que ofrece de saber en cada momento cal é a farmacia de garda na vila”.

Do mesmo xeito, Benito Márquez sinala que “dentro de pouco temos pensado implantar algunhas novidades para mellorar a navegación e acceder a toda a información dunha forma máis áxil e intuitiva”.

Para obter a aplicación, tan só é necesario entrar no PlayStore, nos dispositivos con sistema Android, ou na AppStore, para os móbiles con sistema iOS, buscar a aplicación “Concello de Ponteareas”, e instalala no seu aparato.

O Concello fixo entrega dos diplomas do Curso de Rap

Varios membros do equipo de goberno lcal e un deputado provincial fixeron entrega dos diplomas do taller aos 12 alumnos inscritos. O profesor Hugo Domínguez foi o encargado levar a cabo o curso. “Tratamos a composición de letras, a improvisación, a técnica de beat box e fixemos bocetos de graffiti en folio. Tamén fixemos unha introdución na historia do rap e da cultura hip-hop. Na entrega dos diplomas fixemos entre todas e todos unha pequena demostración”, explicou o profesor.

O obradoiro de balde realizouse do 22 de agosto ao 2 de setembro durante as mañás coa colaboración do Concello, organizado pola Deputación de Pontevedra.

O Concello de Ponteareas incrementa a frecuencia de lavado dos colectores de lixo

Estes traballos están incluídos no contrato de limpeza e recollida do lixo coa empresa FCC que se realiza durante o ano unha vez ao mes. A empresa contratada garante a limpeza de 135 contedores no casco urbano e 850 distribuídos nas parroquias.

O alcalde, e responsábel da área de Medio Ambiente, Xosé Represas explicou que os 135 colectores do lixo do núcleo urbano, de 2400 litros de capacidade, e os 850, de 800 litros, nas parroquias foron lavados neste verán con maior cautela por mor das altas temperaturas. O alcalde requiriu da empresa unha maior frecuencia onde máis se usan os colectores nestas últimas semanas para evitar os malos cheiros. De feito, os contedores terán unha nova limpeza antes das festas pa-

tronais dos Remedios.

A empresa concesionaria usa un camión especial cun depósito de 6.000 litros de capacidade para a limpeza dos colectores do lixo, que dispón doutro depósito de 6.000 litros para augas sucias. Amais, no casco urbano usan un furgón de limpeza con auga a presión para as papeleiras e outro mobiliario urbano.

O alcalde, Xosé Represas, aproveitou para agradecer a colaboración veciñal á hora de depositar o lixo en bolsas pechadas e durante a noite. Tamén solicita a cooperación veciñal para incrementar o proceso de reciclaxe, pola importancia que ten para o medio ambiente, separando plásticos, envases, cartón e vidro. “É fundamental cooidar do noso



medio, por nós e polas nosas fillas e fillos. Estamos obrigados a deixar o entorno natural nas mellores condicións para as futuras

xeracións. Un bo proceso de reciclado, pode axudar a evitar un maior impacto negativo no medio ambiente”.

PONTEAREAS

As festas de setembro teñen actividades para todos os públicos

O mes de setembro en Ponteareas é un mes especial porque concentra nas súas datas dúas das festividades locais máis importantes do ano: a festa das Virxe dos Remedios, o 8 de setembro, e San Miguel, o 29 de setembro.

A primeira das festividades, a dos Remedios, comezará o día 8 co seu tradicional pasarrúas de xigantes e cabezudos ás 12.00 horas polo casco urbano, acompañados de música tradicional. Ás 20.00 horas, inaugurarase a exposición fotográfica e pictórica Unha Porta do Rial no auditorio municipal. Deseguida, ás 21.00, a banda de música Unión de Guláns ofrecerá un concerto. Ás 21.30 e ás 00.00 horas, a orquestra Alkazar ofrecerá senllas sesións de verbena na praza do Bugallal. Entremetres, ás 22.30, a banda de música tradicional galega Pelepau ofrecerá un concerto na Praza Maior.

O sábado 10 a décima edición da Feira Tradicional dos Remedios ampliada este ano tamén a rúa constitución e praza de Bugallal, onde se instalarán os postos de diferentes produtos de artesanía e da terra. A partir das 10.30 horas as rúas da vila encheranse de vida e historia, con exposición de fotos antigas, música tradicional e teatro e animación de rúa con Cé Orquestra Pantasma. Ás 16.30, a Praza Maior acollerá o obradoiro de xogos tradicionais Xogando Miu-



dinho. A partir das 18:00, o grupo tradicional Cantares de Brión fará un percorrido polas rúas da vila e a partir das 20:30 fará un concerto no auditorio municipal.

XXIX Festival Folclórico do Condado se celebrará en dúas xornadas, domingo 11 e domingo 18 coa participación dos grupos folclóricos e de pandereteiras do Centro Cultural de Xinzo, de Padróns e de Areas; e a Pedra da Garza de Fozara, Algazara de Celeiros, Sadeo de Pias e os Muíños de Oliveira respectivamente.

O xoves 29, día de San Miguel, a banda de música xuvenil de Xinzo ofrecerá un concerto a partir das 11.00 horas nos Xardíns do Concello. A partir das 13.30, comezará o tradicional lanzamento dos

globos de San Miguel na Praza Bugallal. Pola tarde, ás 19.00, terá lugar o lanzamento do globo grande na Rúa Rosalía de Castro.

As verbenas dos Remedios estarán amenizadas polas orquestras e grupos de música tradicionais Alkazar, Pelepau, Abanico, e América. En S. Miguel contaremos coas orquestras Satélites e Miramar e o grupo Quempallou

Outras actividades

Ademais durante todo o mes haberá o concurso de Karaoke, Certame de Play Back, Musical Peter Pan, actividades deportivas e outras organizadas por diferentes colectivos e asociacións, ademais dos tradicionais oficios relixiosos, misas e procesións das festividades dos Remedios e de San Miguel

Ponteareas preselecciona as 20 persoas desempregadas e os profesores para o obradoiro de emprego

O obradoiro de emprego do Concello de Ponteareas rematará nos vindeiros días o proceso de selección das 20 persoas desempregadas que participarán no mesmo a partir do 19 de setembro e por un prazo de 6 meses no que realizarán traballos de rehabilitación en construcións municipais e na atención sociosanitaria a persoas no domicilio

40 persoas desempregadas están convocadas o 13 de setembro no Centro de Desenvolvemento Local para levar a cabo o procedemento de selección para os cursos de albanilería e atención socio sanitaria segundo a normativa vixente da Xunta de Galicia. Á súa vez, hai tamén 30 candidatas e candidatos para ocupar as prazas de profesores, titor, director e administrativo que levarán adiante ambos os dous cursos para desempregados.

As persoas seleccionadas estudarán e traballarán durante seis meses e cobrarán unha remuneración igual ao salario mínimo interprofesional de 655,20 euros ao mes. Amais, o programa dará traballo a tres persoas para o equipo formativo do programa. O persoal docente a contratar está pendente por determinar en función dos criterios da Xunta de Galicia.

O alcalde, Xosé Represas, responsable de Emprego e Desenvolvemento Local, indicou que a creación de emprego é unha prioridade do goberno de Ponteareas e neste sentido os obradoiros de emprego permiten unha

nova oportunidade laboral, neste caso para 20 persoas, unha acción que tamén permite realizar obras e actuacións públicas.

O obradoiro é subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con 180.000 euros, importe que financiará os salarios e a seguridade social dos 20 participantes e os profesores, correndo o Concello co custe dos materiais empregados.

O programa de atención socio sanitaria permitirá que 10 alumnos adquiran competencias de axuda no fogar a persoas con especiais necesidades de saúde física, psíquica e social, aplicando as estratexias e os procedementos máis axeitados para manter e mellorar a a súa autonomía persoal e as súas relacións co entorno.

O outro programa ten que ver coa especialidade de albanilería e construción, que posibilitaría que outros 10 estudantes poñan en práctica os coñecementos adquiridos a través da rehabilitación do local que está baixo o escenario do Parque da Feira Vella e de dúas vivendas na rúa dos Mestres coa finalidade de destinalas a situacións temporais de emerxencia social.

Os listados tanto para as posibles alumnas e alumnos desempregados como para os profesionais que levarán a cabo o curso están expostos no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas e na web no apartado de Oferta Pública de Emprego.



A Kidea
agasallos personalizados

Tel. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO



CONFITERIA

Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de franbuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Concello investiu máis de 30.000 euros para que os centros educativos estiveran a punto para o novo curso escolar

Coincidindo co inicio das clases, o alcalde, Xosé Represas e a concelleira de Ensino, Cristina Fernández, mantiveron encontros coas Comunidades Educativas dos CEIP Nosa Sra. dos Remedios, Fermín Bouza Brey e Mestre Ramiro Sabell Mosquera. As reunións coas Direccións dos centros, Anpas e FANPO tiveron como finalidade comprobar “in situ” a finalización das obras que se acometeron nos respectivos centros. O Goberno local atendeu as demandas das ANPAS e das direccións dos centros e acometeu con persoal propio ou contratando certas actuacións complementarias de carpintería ou albanería.

No CEIP Nosa Sra. dos Remedios comprobaron os arranxos na cuberta e fachada, así como o pintado do edificio de primaria que soluciona as entradas de auga e humidade nas aulas que da fachada norte e outras

obras menores realizadas no patio do Colexio.

No CEIP Mestre R. Sabell Mosquera colocáronse novas canalizacións de recollidas de augas nos diferentes tellados e reposición do firme en zonas do areeiro e parque infantil.

No CEIP Fermín Bouza Brey abriuse, ao fin, o comedor escolar, o Concello arranxou as instalacións para poder atender a demanda das familias de 90 nenas e nenos que por primeira vez contan con comedor neste centro.

Tamén se fixeron reformas considerables nos baños do CEIP Feliciano Barrera de Guláns, así como pintado de aulas e corredoiros en ambos edificios. No CEIP de Santiago de Oli-

veira, estase ultimando a obra dos novos vestiarios que usa o alumnado para Educación Física. Pintáronse varios colexios das parroquias, acometéndose accións de aforro enerxético como son reposicións de radiadores de baixo consumo e a Concellería de Ensino sigue o plan de cambio nestas escolas das portas e ventás de madeira por unhas novas de aluminio con sistema hermético, que se irá facendo de xeito programado.



Aula Matinal para os Colexios de Ponteareas

A Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas asinou o Convenio de Aula Matinal para os Colexios de Ponteareas. Contarán con este servizo o CEIP “Nosa Sra. dos Remedios”, “Fermín Bouza Brey” e “Mestre Ramiro Sabell Mosquera”, e contempla que o resto de Centros Escolares de Infantil e Primaria tamén poidan adherirse.

O Convenio asinado está exposto na páxina web do Concello de Ponteareas www.ponteareas.gal xunto co proxecto da actividade e a folha de inscrición que poderá imprimirse dende a mesma. Esta solicitude presentárase a partires do día 1 de setembro nos Centros Escolares adheridos ou ben no Departamento de Ensino, sito na planta baixa

do Concello. Todo o alumnado que utilizaba este servizo no curso anterior xa ten a súa reserva garantida.

Ainda que inicialmente son tres os Centros que terán este Servizo de Aula Matinal dende as 7.30 h. ata o comezo das clases lectivas dependendo do Colexio, dende a Concellería de Ensino enviarase información ao resto dos Centros de Infantil e Primaria por si previa consulta coas Comunidades Educativas, deciden adherirse ao Convenio.

“É imprescindible dar apoio dende as Institucións ás familias a fin de poder conciliar a vida laboral e familiar”, comenta a responsable da Concellería de Ensino, Cristina Fernández.



Éxito de participación do curso Ponte A Cociñar de 2016

O obradoiro para nenas e nenos foi un éxito de participación, con máis de sesenta nenas e nenos e dúas quendas, durante as mañás de todos os martes dos meses de xullo e agosto no Mercado Municipal.

O taller organizado pola Concellaría de Cultura, coordinada por Hortensia Bautista, e impartido pola monitoria Teresa Castro, que contou coa colabo-

ración das traballadoras dos departamentos de Cultura e a Biblioteca-Museo, ensinou ás máis pequenas e pequenos receitas para iniciarse no mundo da cociña de xeito divertido.

“Foi un auténtico éxito de participación, a acollida foi estupenda, por parte dos pais e nais, e dos nenos e nenas. Esperamos poder repetir o vindeiro ano a experiencia e melloralala”, explica a concelleira.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Musical Peter Pan polo Coro do IES Val do Tea



PONTEAREAS

Romero, un clásico posto ao día

Desde 1890 Romero ven sendo un referente da calidade e o estilo. Xeracións de Ponteareáns atoparon sempre a garantía dun bazar e tenda de decoración caracterizado polo bo gusto e o esmerado servizo.

Romero, xa no século XXI, renova o seu establecemento e actualiza e amplía o súa oferta con novidades en decoración e tamén en moda e complementos, contando ademais cunha tenda de alimentación BIO.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA / AS NEVES

Restriccións no consumo de auga en As Neves polas cinzas dos incendios

As chuvias caída nos últimos días arrastraron cinza dos montes queimados no incendio do pasado 11 de agosto e alteraron a composición da auga do río Termes.

O Concello limitou ao máximo o seu consumo cortando extraordinaria e temporalmente o suministro de auga en toda a rede municipal desde o día 13 de setembro ata novo aviso nos tramos horarios de 23 a 6:30 (sete horas e media), 9 a 12 (tres horas) e 15:30 a 19:30 (catro horas).

O Concello contratou dous camións cisterna á empresa Trastambre, de Santiago, para que se encarguen de transpor-

tar auga doada polo Concello de Ponteareas á estación potabilizadora das Neves. "Agradecemos a colaboración de Ponteareas que nos doa a auga e tamén de Arbo e Salvaterra por ofrecerse tamén a axudarnos aínda que de momento non sexa necesaria a súa auga" explica o rexedor.

Asemade a Axencia Galega de Emerxencias Axega enviou á zona unha cisterna con 25.000 litros e cos tres camións o Concello consegue encher o depósito municipal con 200.000 litros diarios, co que se suministra a auga necesaria para o núcleo urbán e o barrio da Estación cos cortes horarios



establecidos.

O alcalde, que xa tiña advertido a Medio Rural, foi crítico

coa Xunta pola súa falta de previsión ante consecuencias deste tipo derivadas dos incendios.

As Neves mellora os seus viais

As accións de asfaltado, financiadas a través de subvencións procedentes da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra, realizáronse en 1,5 quilómetros de estradas municipais situadas nos barrios de Cobalgarto e Pozas, das parroquias de Taboexa e Setados. Aténdense así demandas da veciñanza, que dende hai anos se viña queixando da precariedade das vías de acceso ás súas casas.

Trátase dunha nova actuación coa que, a concellería de vías e obras, pretende levar a cabo o arranxo dos viais municipais de tránsito elevado, arestora en mal estado debido ao desleixo ao que se viron sometidos durante anos. Arranxo iniciado meses atrás con asfaltados noutras parroquias e co amaño das fochancas en grande parte das vías de propiedade local.

O alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, consciente da importancia das comunicacións, e coa idea da mellora das estradas que pasan polo concello, sexa cal for a súa titularidade, ten mantido nas últimas semanas sendas xuntanzas cos responsables en materia de mobilidade da Xunta e da Deputación. Nestas reunións chegou a acordos para a elaboración de plans conxuntos e a longo prazo que permitan levar a cabo medidas con continuidade dentro nunha liña de actuación previamente estudada e definida.



Turismo de Galicia e Salvaterra asinan un convenio para a instalación dun pantalán no Miño

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, e o alcalde de Salvaterra, Arturo Grandal, asinaron un convenio de colaboración para a instalación dun pantalán na zona do río Miño..

A construción estará situada na contorna do Ponte Internacional João Verde e Armador Saavedra, que comunica as localidades de Salvaterra, encontrándose moi próxima ao parque público da Canuda.

Ademais ao pantalán se poderá acceder a través dun embarcadero existente, que era utilizado antigamente para o transbordador Salvaterra-Monçao, e que protexerá a instalación das correntes do río.

Durante o acto, a responsable de Turismo da Xunta sinalou que o obxectivo é aumentar con el as posibilidades de desfrute que ofrecen estas zonas fluviais a carón do río Miño que, segundo afirmou, constitúen un gran reclamo turístico e importantes zonas de lecer tanto para os veciños do pobo como para os visitantes do concello.

Neste senso, Nava Castro explicou que, deste xeito, se po-



tenciará a oferta turística do concello de Salvaterra do Miño mediante a potenciación do uso do pantalán como un espazo natural no que se poderán desenvolver actividades relacionadas co ocio e co turismo.

Incremento da demanda da ría de Vigo e Baixo Miño

Por outra parte, Nava Castro

resaltou que esta actuación contribuirá a manter a senda de crecemento que se está a producir nos viaxeiros e nas pernoitas dos establecementos hoteleiros da ría de Vigo e Baixo Miño, en concreto, e de Galicia, en xeral.

No primeiro semestre do ano o xeo destino ría de Vigo e Baixo

Miño rexistrou un incremento da súa cifra de viaxeiros aloxados, do 15,91% en relación ao mesmo período de 2015, acadando os 214.280

Esta mellora trasladouse tamén ás pernoitas que se situaron nas 404.974, o que supuxo un incremento do 22,84%.

Recepción no Concello do Campión de piragüismo Daniel Pérez

Marta Valcárcel Gómez, 1ª Tte. de Alcalde, e Ernesto Groba, Concelleiro de Deportes, reciben no Salón de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño a Daniel Pérez Cortegoso natural do municipio, de 14 anos de idade, e campión de España por segundo ano consecutivo na categoría INFANTIL A de Piragüismo, celebrado en Murcia os días 13 e 14 de agosto, onde tamén quedou CAMPION DE ESPAÑA PATRULLA C1 X3.

Ademais, esta xove promesa do deporte, acadou o 2º posto do campionato galego en Ribadumia disputado o 21 de Agosto.

Este rapaz comezou o ano pasado a entrenar e participar neste deporte, conseguindo o seu primeiro mérito, o CAMPIONATO DE ESPAÑA NA CATEGORIA INFANTIL B nese mesmo ano, título revalidado este mesmo mes.

Conta que empezou neste deporte por unha campaña de captación do Club de Piragüismo O Penedo, ao que actualmente pertence. Dedicar 3 horas e media 6 días á semana para conseguir o seu reto "Ser un dos mellores".

O seu entrenador relata que



xa nas súas primeiras competicións viu nel a súa destreza neste deporte, xa que na primeira competición quedou no 7 posto, e nas seguintes non houbo quen o quitase das primeiras prazas. Daniel é un rapaz

ao que lle encanta este deporte e sobre todo o que leva consigo, o compañeirismo, xa que tivo unhas palabras moi bonitas cara o seu rival máis directo, Borja González Martínez, sen o cal dixo que seguramente non con-

seguiría estar onde está, gracias a ese compañeirismo, pero tamén a esa competición sana, eses entrenamentos xuntos para ver quen saca os mellores tempos fai que os dous estean mellorando e dando o mellor de si.

Preto de 20 nenos e máis de 30 adultos participaron no Festival de Karaoke

O 20 de agosto ás 22.30 horas daba comezo o Festival de adultos, onde participaron 30 homes e mulleres vidos de varios puntos da provincia e de Galicia. Según recalcaron os propios membros do Xurado, cada ano é máis difícil a valoración e elección dos gañadores. Así mesmo Marta Valcárcel, 1ª Tte de Alcalde do Concello destacou o gran papel que xogan os concursantes e que fan que este festival sexa o que é, e deu as gracias aos rapaces e rapazas que participaron no karaoke infantil, que veñen pisando moi forte.

O Resultado foi o seguinte

1º Clasificado: Dario Carrera Fernández de Vigo

2º Calsificado: Cristina Rozas de Pontearas

3º Clasificado: Fernando Míguez García de Salvaterra de Miño



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

As pistas de tenis da Canuda serán renovadas antes de rematar o ano



O Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Alcalde de Salvaterra de Miño asinan o convenio para a renovación das Pistas de Tenis do Parque Público A Canuda, por un importe de 40.000€

Salvaterra de Miño é un Concello de preto de 10.000 habitantes que ao longo do mes é visitado por miles de persoas, non so da comarca, senón de toda a provincia, resto de Galicia e norte de Portugal, sobre todo pola gran e variada oferta que ofrece unha das súas instalacións lúdico deportivas máis importantes, o Parque Público A Canuda,, un dos espazos naturais con

máis afluencias nestes momentos. Máis de 200.000 m2 de zonas verdes, zona de xogos, merendeiro, auditorio, circuíto vial, parque biosaudable, lago, horta, zona de animais, sendeiros, carril bici, piscinas, pista polideportiva, pista de skate e dúas pistas de tenis. Estas últimas son moi concurridas, tanto polos veciños e veciñas do municipio como por persoas que se desprazan a Salvaterra para practicar deporte. Coa sinatura deste convenio, que implica que as obras empezarán de inmediato, buscase a mellora dun espazo moi demandado, que ten xa varios anos e moito uso. Es acción englobase dentro da

mellora dos equipamentos deportivos que está a levar adiante o Concello.

Este proxecto valorado en 40.000€, pretende mellorar os servizos ofrecidos a todos os habitantes do Concello, mellorando o firme deteriorado con labores de limpeza e executando unha capa drenante estabilizadora, ademais de limpar os drenaxes existentes, para rematar aplicase un pavimento novo e marcaranse as liñas de xogo. Ademais colocaranse redes novas, con postes e mecanismo de tensado. O obxectivo principal desta obra é mellorar o servizo ofrecido aos usuarios destas pistas.

Exposición de Orquideas na Canuda

O Concello de Salvaterra de Miño organizou o 17 e 18 de setembro a 1ª Feira – Exposición Internacional de Orquideas, no Parque Xardín A Canuda.

Salvaterra de Miño conta xa cun Xardín Botánico de Orquídeas único en Galicia, e dos poucos que existen en España, que contén especies de diferentes partes do mundo.

Co fin de por en valor o noso medio ambiente, este Concello, un dos

que máis m2 de zonas verdes ten por habitante e conta no casco urbano con máis de 1.000 árbores plantadas, organiza esta feira exposición que abriu ao público o sábado e o domingo todo o día.

Ademais da exposición tiveron lugar conferencias sobre cultivo e mantemento de diferentes especies de orquídeas e a parte musical correu a cargo dun grupo de baile e gaitas e por concertos de piano.



BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA DE MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: blmca@blmca.com www.blmca.com

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1903

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumbrados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel. 986 65 82 07 - Avda. 611 BA-21 55 - 85 e-mail: administracion@electricidadcondado.es
Edif. Ind. Chao de Pena, floor 1 - 33453 SALVATERRA DE MIÑO

expert SanFer

986 648 270

R/ Entrecins, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net

Arbo mellora unha depuradora e repara a cuberta co Concello

O xefe territorial de Presidencia en Pontevedra, Ramón Pereiro, realizou unha visita ao concello de Arbo, invitado polo alcalde do municipio, Horacio Gil, co obxectivo de facer unha comprobación material das obras que se están a realizar a través da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental e da orde de subvención para Infraestruturas de Uso Público.

No caso das obras executadas a través da Orde de Infraestruturas de Uso Público, Arbo está a levar a cabo, segundo apuntou Horacio Gil, a reparación da cuberta da casa consistorial. "A aparición de humidades en distintos puntos e dependencias do edificio comezou a afectar a mobiliario e a enseres municipais, ademais de as paredes do inmoble. Esta foi a razón pola que decidimos intervir para frear este problema", explicou o rexedor, quen engadiu que se detectaron fallos de funcionamento na rede de evacuación de augas da cuberta do edificio a través do canlón polo que se está a levar a cabo a súa substitución, así como o saneamento de todos os danos ocasionados pola entrada de auga".

O alcance da intervención abarca a totalidade da rede de evacuación das augas pluviais da cuberta, cambiando o deseño da mesma para que sexa máis efi-



caz.

O proxecto conta cun investimento de 50.000 euros, dos cales 40.000 procederon da subvención da Xunta, que é o 80% do orzamento total, aportando o concello o 20% restante máis o IVE.

Posta en marcha da depuradora de Fonte María

Ademais, este concello tamén está a levar a cabo obras de saneamento, grazas á liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental desta mesma Consellería. En concreto, estase a traballar para a posta en funcionamento da depura-

dora de Fonte María, levando a cabo rozas e limpeza no perímetro exterior e no interior desta infraestrutura, así como a retirada dos elementos deteriorados e obsoletos.

"Estamos a retirar os residuos a través dun xestor autorizado, de cara a extraer os lodos do seu interior. Posteriormente repararanse os depósitos, realizando un saneamento das fisuras das paredes para garantir a non existencia de fugas e cambiaranse as tubaxes que realizan a inxección de aire no fondo do depósito principal por unhas de inox", ex-

plicou Horacio Gil. A subvención recibida foi de algo máis de 35.000 euros. A liña en concorrencia non competitiva está destinada a aqueles concellos que albergan no seu territorio instalacións de aproveitamento eólico e as actuacións que se realizan son financiadas a través do canon eólico.

Arbo tamén contou cunha axuda de 15.453 euros procedente da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental que permitiu afrontar gastos de recollida de residuos sólidos urbanos.

Matricula aberta na Escola de Música da Banda de Rubiós

En breve dará comezo o curso 2016/2017 durante o que se poderán recibir clases de óboe, frauta, clarinete, saxofón, fagot, trompeta, trompa, trombón, bombardino, tuba, percusión, gaita, piano e guitarra. Un amplo abano de instrumentos no que poder formarse de xeito teórico e práctico.

Para matricularse é preciso poñerse en contacto coa Banda de Música Popular de Rubiós a través dos seguintes números de teléfono: 609 88 80 46 - 620 07 69 72 ou no enderezo electrónico: esmuderubios@hotmail.com

Rajoy visita A Cañiza e o seu xamón

O 14 de setembro Mariano Rajoy visitou a Vila de A Cañiza para apoiar ao Concello na consecución da Indicación Xeográfica Protexida IXP para o Xamón de A Cañiza.

O Presidente do Goberno en funcións, visitou o secadero de xamóns "Flor de A Cañiza" e tivo a oportunidade de degustar unha vez máis este exquisito produto, abandeirado da economía cañicense.

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Cata de viños nas Covas de Dona Urraca e Encontro de Bandas en Salvaterra de Miño



CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ / A CAÑIZA

Mondariz remata, cun balance moi positivo, as actividades de dinamización lingüística

O Concello de Mondariz desenvolveu durante este ano 2016, por primeira vez na súa historia, un amplo programa de actividades de Dinamización Lingüística, desenvolvido polo departamento de Normalización Lingüística, e que tiñan como obxectivo promocionar e incrementar o uso da lingua galega a través de actividades lúdicas, e que contaron cunha grande afluencia de público.

Para desenvolver as súas actividades, o Concello de Mondariz contou cunha subvención de algo máis de 4.000 euros da Deputación de Pontevedra, que permitiron o desenvolvemento de iniciativas que, o Goberno local de AporM-PSOE cualificou de “variadas e innovadoras” de cara a poder chegar tanto aos máis pequenos como aos maiores.

A variedade da iniciativa

quedaba reflectida xa no propio programa xa que desenvolveronse actuacións musicais, como a do grupo ‘As Donice-las’; representacións teatrais, coa obra ‘O Espantalho Amigo’; proxección da película ‘A caixa dos Mistos’; dúas sesións de contacontos e obradoiros, ‘Once Nais Atrevidas’ e ‘Pincho de cores’; o deseño dun plano-guía do patrimonio cultural de Mondariz; un obradoiro de graffiti e un espectáculo musical que correu a cargo de ‘Pedepote’.

As actividades desenvolvidas abranguían, polo tanto, unha ampla franxa de idades dende o convencemento, tal e como sinalaba o alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, de que “a preservación e espallamento do idioma, como sinal de identidade de pobo e como parte inseparable da nosa cultura, non ten idade”.

Medio Ambiente e o concello de Mondariz colaborarán para mellorar as sendas do río Tea e Xabriña

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá en Mondariz algo máis de 60.000 euros co obxectivo de mellorar as sendas do río Tea e Xabriña.

Así se establece no convenio de colaboración asinado pola titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, e o alcalde da localidade, Xoán Carlos Montes.

O obxectivo desta actuación é mellorar estas infraestruturas, que quedaron deterioradas logo das riadas producidas este ano. Estes traballos redundarán nunha mellora das condicións de vida da veciñanza, ao aumentar e mello-



rar a accesibilidade aos ríos.

O organismo autonómico Augas de Galicia encargárase de

contratar e executar as obras, así como de controlar a calidade e seguridade das mesmas.

A Cañiza mellora a instalación térmica da Piscina Municipal e adecúa un local para servizos sociais.

O xefe territorial de Presidencia en Pontevedra, Ramón Pereiro, realizou unha visita técnica ao concello da Cañiza, invitado polo alcalde do municipio, Miguel Adolfo Domínguez, co obxectivo de facer unha comprobación material das obras que se están a realiar a través da liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental e da orde de subvención para Infraestruturas de Uso Público.

No caso das obras executadas a través da Orde de Infraestruturas de Uso Público, A Cañiza está a levar a cabo, segundo apuntou Miguel Adolfo Domínguez, a adecuación dun local na planta baixa da casa consistorial para servizos sociais, “xusto onde antes se atopaba a biblioteca. Deste xeito, poderemos trasladar o local da Policía Local ata a área de Servizos Sociais”. Ademais, tamén se está a mellorar varios parques infantís do concello, “o que permite satisfacer as necesidades tanto da poboación da Cañiza como das parroquias limítrofes”.

O proxecto conta cun investimento de 50.000 euros, dos cales 40.000 procederon da subven-



ción da Xunta, que é o 80% do orzamento total, aportando o concello o 20% restante máis o IVE.

Mellora da instalación térmica da piscina municipal climatizada. Ademais, este concello tamén está a levar a cabo obras de mellora en relación á eficiencia enerxética, grazas á liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental desta mesma Consellería. En concreto, estase a executar a ampliación e mellora da instalación térmica da piscina municipal climatizada. O

orzamento é de 87.500 euros, aportados ao 100% pola administración a través desta subvención.

A Cañiza está a instalar “bombas de calor” que ofrecen actualmente unha maior eficiencia na xeración de calor a partir do emprego de enerxía eléctrica. “Así conseguimos reducir o gasóleo empregado coa implantación dun sistema de calefacción mediante enerxía xeotérmica en circuito pechado, coa consecuente redución de emisións de CO2 á atmosfera”.



Entrega da primeira edición dos Premios Mondariz á conservación e rehabilitación arquitectónica



O Concello de Mondariz entregou o día 26 os premios correspondentes á 1ª edición do Premio Mondariz á Conservación e Rehabilitación Arquitectónica. 1º premio recaeu sobre o proxecto da Cantaruxa Maruxa (Vilasobroso), propiedade de Raquel Quesado, unha casa de turismo rural na que se valorou a rehabilitación e rehabilitación da casa orixinal construída no ano 1925, respectando a tipoloxía, os materiais e os volumes primixenios, procurando a reorganización dos espazos sobre a base das novas necesidades. Compartiu o mesmo galardón unha casa rehabilitada no barrio da Pena (Vilasobroso), propiedade de José A. Castro na que se valorou especialmente a conservación das antigas

cortes do gando así como dos restos da edificación vivadeira tradicional e a convivencia harmónica coas novas dependencias.

Na modalidade de conservación a CCMM de Mouriscados recibiu unha mención pola rehabilitación dos muíños do río Xabriña; a segunda mención foi para unha Casa situada no barrio de Outerelo (Lougares), unha casa propiedade de Olga Candeira levantada no ano 1912, na que se valorou o coidado e o respecto que os propietarios lle deron a toda a edificación tradicional. O premio á Conservación foi concedido a unha casa da rúa Ramón y Cajal construída en 1875 propiedade de Pilar Salgueiro, na que o xurado valorou o excepcional coidado e respecto a toda a edificación orixinal, a organiza-

ción e conservación da distribución interior, das carpinterías interiores e exteriores, así como das súas fachadas.

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes, que pechou o acto, asegurou que "o futuro de Mondariz pasa por reencontrarse co seu pasado, conservando a valiosa arquitectura tradicional que levantaron os nosos antepasados". O acto estivo amenizado pola arpista Beatriz Martínez e contou coa asistencia de todos os arquitectos e construtores da localidade.

Coa finalidade de divulgar a cultura da conservación e recuperación do patrimonio cultural, os traballos premiados están xa expostos na Praza Blanco Lage, onde permanecerán durante as próximas dúas semanas a fin de que poidan ser coñecidos en detalle pola veciñanza e polos turistas que nos visitan.

Un concello pioneiro en Galicia

Mondariz é o primeiro concello de Galicia en crear un premio destas características, xa que no noso país non existe ningún outro galardón semellante outorgado por un municipio. A propiedade das casas premiadas recibirá agora unha bonificación do 50% no importe do ICIO (Imposto de Construcións, Instalacións e Obras) ou do IBI (Imposto de Bens Inmobles) segundo se trate do premio na modalidade de rehabilitación ou de conservación.

O xurado do premio estivo formado, entre outros, pola arquitecta municipal, Sila Cecilia Martínez Abal, José Granados Marín, Director da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, e por Antonio Davila Alonso, Presidente da delegación de Vigo do Colexio de Arquitectos de Galicia.



EMILIO seguros



DECESES • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...

tel. información: 609 544 351

GASOLEOS TEA



Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Tel. u Fax: 988 81 43 12
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA
Tel.: 988 88 13 00 - Fax: 988 88 13 09
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Restaurante O'Rianxo

Algo diferente no Condado



Terraza de verano interior
Cra. N.120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Tel.: +34 988 654 434

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

A Asemblea de Movemento Salceda ratifica o apoio a En Marea



Luis Villares na súa visita a Salceda co Equipo de Goberno e con Lucía Pereira, Coordinadora Xeral de Movemento Salceda

Movemento Salceda ratificou onte por unanimidade a súa Asemblea o apoio ao partido En Marea de cara ás vindeiras eleccións autonómicas do 25 de setembro. Aínda que tanto o Alcalde, Marcos Besada, como os Concelleiros do Equipo de Goberno e outros compoñentes de Movemento Salceda xa viñan colaborando activamente con En Marea, estábano a facer de xeito persoal, lembrando que En Marea constituíuse como un partido de adscripción individual.

Aínda así, a Asemblea de Movemento Salceda decidiu por unanimidade ratificar o apoio do partido local a En Marea, coincidindo na necesidade urxente de unir esforzos para desbancar ao Partido Popular dos recurtes e as desigualdades da Xunta de Galicia, e establecendo para elo a En Marea como a única ferramenta

válida no momento que estamos a atravesar. “É hora de unir esforzos e remar todos na mesma dirección, e por Movemento Salceda non vai quedar”, afirmou Lucía Pereira, Coordinadora Xeral de Movemento Salceda.

Tódolos asistentes á Asemblea coincidiron na necesidade de apoiar e sumar esforzos para lograr o cambio no Goberno Autonómico. Xa na xuntanza que Movemento Salceda mantivo con Luís Villares o pasado 26 de agosto, quedou clara a intención de aunar forzas e de participar na campaña e nas iniciativas de En Marea.

A Asemblea ratificou tamén a adscripción de Salceda á comarca do Baixo Miño, polo que nesta campaña o traballo será conxunto coas agrupacións de Porriño, Mos, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia.

1º Ciclo de Humor

CASELAS DE COMEDIA

CON

DAVID AMOR
Sábado 24 de Setembro 21:00h

MANUEL MANQUÍN
Sábado 15 de Outubro 21:00h

CARLOS BLANCO
Sábado 19 de Novembro 21:00h

ENRIQUE SAN FRANCISCO
Domingo 11 de Decembro 21:00h

Auditorio Municipal de Salceda de Caselas.
Entradas anticipadas 10 euros
Entradas billeteiro 12 euros

Puntos de venda:
Tapería el Cocinillas, Doctor Zorreraga 23 (Salceda)
Vegatema Café-Concerto
Marques de Viana, 15 (Salceda de Miño)
O Tunet tapas, Plaza Mayor 31, (Porriño)

TELEFONO RESERVAS
915460405

Organiza: ACISA

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Festa dos Callos en Salceda de Caselas



IV Ruta Pincho Folk os venres e sábados de setembro e outubro

Tralo enorme éxito acadado os anos anteriores, O Alcalde, Marcos Besada, xunto coas Concelleiras de Comercio e Cultura do Concello de Salceda, Loli Castiñeira e Tere Pérez, acompañadas dunha representación dos hosteleiros da vila, veñen de presentar a IV Ruta Pincho Folk, que se vai celebrar durante os venres e sábados do 9 de setembro ao 1 de outubro (ambos incluídos). Un total de 26 establecementos van participar na ruta, repartidos en dúas rutas: venres e sábados. Nos locais serviránse pinchos ao prezo de 1,5 € en horario de 20:00 a 23:59.

A ruta de pinchos conta co engadido do folk, quedando aberta a participación a todos aqueles gaiteiros, pandeireteiros ou músicos en xeral que desexen asistir e pasar unhas boas noites de foliada acompañados coa mellor gastronomía.

Os locais lucen xa un distintivo nas súas fachadas, que os sinala como establecementos participantes no Pincho Folk, diferenciando así mesmo entre a ruta dos venres e a ruta dos sábados.

Nos establecementos repartíranse unhas tarxetas que irán selando os hosteleiros para que os clientes participen no sorteo final de varios premios.

Loli Castiñeira, Concelleira de Comercio e Turismo, presentou o evento como una importante iniciativa para dinamizar o pobo e sobre todo os establecementos hosteleiros. “Pensamos en seguir organizando este tipo de eventos que apoien ao comercio local, neste caso á hostelería. O Concello plante-

xou a iniciativa e estamos moi satisfeitos coa acollida que tivo por parte dos diferentes establecementos e coa colaboración obtida dende o primeiro momento, aumentando o número de locais participantes cada ano”.

Tere Pérez, Concelleira de Cultura, aproveitou para convidar aos diferentes grupos de música tradicional a participar no evento. “As diferentes iniciativas que levamos a cabo para as

agrupacións de gaiteiros e pandeireteiros teñen sempre grande acollida, como no caso da Agrupación Gaiteira de Salceda ou do Serán dos Callos. Estamos seguras de que neste caso imos seguir na mesma liña, polo que aproveitamos para convidar a todos aqueles afeccionados á música tradicional para que veñen botar unhas pezas e desfrutar dos exquisitos pinchos que preparan os hosteleiros”.



Super
LARANXEIRA
★ **Servizo a domicilio** ★
Alimentación en xeral
Froitas - Verduras - Conxelados
Telf: 986 657 484. Taboexa - As Neves

DURÁN
MUEBLES
DURÁN
comprometidos con la calidad
AS NEVES - Praza Maior, 6. Telf: 986 648 405
BEADE - VIGO - Porto 66 Telf: 986 242 909
GONDOMAR - Ameixeira, 10 Telf: 986 369 596

RIVERO Casa
RESTAURANTE
Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

LOURIÑA

O PORRIÑO

A Corporación do Porriño convoca unha concentración o venres 30 para esixir o soterramento das vías do tren

Todos os grupos da Corporación do Porriño, acordaron este martes, durante a reunión da Xunta Municipal de Voceiros, convocar unha concentración o venres día 30 de setembro, para esixir o soterramento das vías que pasan polo centro da vila.

O Concello dirixírase ao Goberno do Estado e aos responsables do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) para concretar a aprobación dun proxecto que acabe co paso do tren polo medio do Porriño, unha reivindicación que data da metade do século pasado e que nestes 60 anos non foi atendida, maila aos accidentes e a perda de vidas nestas décadas.

Hai exactamente un ano, a alcaldesa, Eva García de la Torre, mantivo en Madrid unha xuntanza con Javier Gallego, daquela director xeral de Explotación e Construción de ADIF, na que Gallego comprometeuse a que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias financiaría a metade

das obras de soterramento. Aquela reunión fora solicitada por García de la Torre logo dos persistentes fallos de seguridade nas barreiras do paso a nivel, que non se baixaban cando pasaba o tren, co conseguinte perigo extremo para os cidadáns.

Pasado este tempo sen ter máis novas de ADIF, e logo de que a Corporación aprobase pedir á Xunta a cesión da titularidade de Progreso y Buenos Aires- dúas calles clave porque nelas hai que acometer varias obras que permitan o soterramento das vías- o pasado 31 de agosto, apenas dúas semanas antes do accidente, a alcaldesa solicitou unha xuntanza coa actual directora xeral de Explotación e Construción de ADIF, Isabel Pardo, para retomar este proxecto, petición que, a día de hoxe non foi atendida.

Unha vez máis, a alcaldesa, no nome da Corporación, volverá a dirixirse aos máximos responsables das comunicacións e infraes-



truturas de España, o presidente do Goberno e o ministro de Fomento, que estiveron no Porriño o mesmo venres do accidente e puideron comprobar, en persoa, os danos, e aos directivos de ADIF, para que concreten os pra-

zos para o inicio deste proxecto.

A Corporación cre que a traxedia ocorrida o pasado venres, día 16, na que perderon a vida catro persoas e outras 49 sufriron feridas de distinta gravidade, é unha dolorosa e terrible proba de

que é necesario que o ferrocarril deixe de transitar polo centro do concello, de xeito que se garanta a seguridade, tanto das veciñas e veciños do Porriño, coma dos usuarios dos trens que pasan pola vila.

O tren Vigo-Oporto descarrilou a 118km/h nun tramo limitado a 30 por obras

O maquinista do 'Tren Celta', que cubre a ruta Vigo-Oporto, que descarrilou o pasado venres na entrada da estación de O Porriño confirmou a recepción de dous avisos para reducir a velocidade no tramo onde se produciu o accidente, segundo se desprende dos datos das caixas negras, analizados este martes no Xulgado de Instrución número 2 desta localidade, en presenza de representantes de Renfe, Adif, Comboios de Portugal, técnicos da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios e peritos.

Fontes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) informaron que, segundo os rexistros das caixas negras, o maquinista do convoi, que cubría a liña Vigo-

Oporto e que faleceu no accidente, recibiu dous avisos L1, que significan "necesidade de moderar a velocidade". Así mesmo, nas caixas quedou plasmado que o condutor do tren confirmou a recepción deses avisos pulsando un botón, que é o procedemento habitual.

Non obstante, por razóns que se descoñecen, o tren non minorou a súa marcha e, tal e como quedou rexistrado, no momento do descarrilamento circulaba a 118 quilómetros por hora, unha velocidade moi por enriba dos 30 quilómetros por hora aos que tería que pasar, porque aínda que estes trens circulan habitualmente a uns 100 quilómetros por hora ao seu paso por esta localidade, o pasado venres estábanse

realizando uns traballos de mantemento na vía principal que obrigaron ao tren para desviarse a unha secundaria, onde debería reducir a velocidade ata os 30 quilómetros por hora.

Por outra parte, segundo fontes consultadas por Europa Press, polos datos coñecidos este martes, "nun principio" a sinalización e o resto de elementos que regulan a circulación ferroviaria funcionaron ese día de forma correcta. A grande incógnita é, polo tanto, por que o maquinista non reduciu a velocidade.

Rafael Catalá, ministro de Xustiza e Fomento en funcións, asegurou no lugar dos feitos que o Celta cumpría "todas as garantías", xa que fora sometido a unha revisión exhaustiva antes do



verán e a unha rutineira o día previo ao accidente. Así mesmo, destacou a formación e experiencia do condutor.

Mentres, os restos do tren sinistrado correspondentes a un modelo diésel 592 casi en desuso en España, permanecen na estación de O Porriño, a onde se trasladaron os peritos designados por Xunta (Juan Carlos Carballeira e José Manuel Lamela)

para á súa análise. Alí, os vagóns estarán custodiados ata que a xuíza autorice o seu traslado a dependencias de Renfe en Redondela.

O accidente do 'Tren Celta' custou a vida a catro persoas, o condutor, un turista norteamericano, o interventor do tren e un aprendiz de maquinista vigués de 23 anos, e case medio centenar resultaron feridas.

O PORRIÑO

Concello e Porriño Industrial asinan un convenio por 90.000€ que garante a continuidade do club



A alcaldesa do Porriño, tal e como se comprometera coa directiva, os xogadores, adestradores, socios e afeizoados do Clube de Fútbol Porriño Industrial, asinou este luns co presidente da entidade, Miguel Ángel Laso, o convenio de colaboración que permitirá ao club seguir adiante coa súa actividade.

Eva García de la Torre salientou que logo dun “camiño longo, complicado e cheo de dificultades”, foi posible chegar a un bo final que permitirá ao Concello subvencionar con 90.000 € ao Porriño Industrial, cantidade que, segundo o convenio asinado, se destinará, fundamentalmente á promoción do deporte base, escolas deportivas, actividades en parroquias e colexios da vila, cursos de formación de adestradores ou actividades deportivas que se leven a cabo con mulleres ou grupos sociais desfavorecidos.

Ademais, o Goberno local toma en consideración o número de xogadoras e xogadores de entre 4 e 11 anos, o número de rapazas practicantes, o número de xogadores nos colexios do Porriño, o número de equipos federados ou o número de socios da entidade.

A alcaldesa indicou que, “de

xeito inmediato”, o Porriño Industrial recibirá o 80% da cantidade subvencionada, é dicir, 72.000€, e os 18.000 € restantes á presentación por parte do club da xustificación de cada un dos gastos que debe ser entregada no Concello antes do 1 de decembro deste ano.

Eva García de la Torre lembrou que “este Goberno ten un compromiso serio, fondo e duradeiro co deporte porriñés, como amosa non so con esta subvención, senón cos acordos de colaboración co Club Balonmano Porriño e co Baloncesto Porriño, e a aposta continuada e constante con todas as modalidades deportivas que se practican aquí e, esencialmente, coa formación de novos deportistas, nas categorías inferiores dos nosos clubes”.

Polo que atangue a este convenio co Porriño Industrial, a alcaldesa sinala que o actual Goberno do Porriño “deu unha solución legal e responsable a un gravísimo problema” causado pola mala xestión, carente de controis na entrega de cartos públicos, dos anteriores responsábeis municipais que, xunto coa da anterior xunta directiva do club, levaron ao Porriño Indus-

trial a una situación de extrema gravidade.

Estes controis, dacordo co establecido no convenio, e como xa se esixen ao resto de clubes locais, dispoñen que o Concello poderá realizar as actuacións de comprobación que estime necesarias; obriga ao Porriño Industrial a dispoñer dos libros contábeis, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados; a demostrar que está ao corrente das súas obrigas tributarias ou o deber de acreditar, co documento orixinal, cada unha das facturas que sirvan para xustificar os gastos, facturas que deben detallar o seu número, nome do proveedor, data, concepto e importe con suma total final.

García de la Torre concluíu reiterando a aposta “deste Goberno e desta Alcaldía polo noso deporte base e polos nosos clubes” e, afirmou, a sinatura deste convenio deixa á vista de todas as veciñas e veciños as mentiras de aqueles que “nos acusaban de querer acabar co Porriño Industrial, hoxe queda demostrado que era todo o contrario e que eramos nós os que sí queríamos, de verdade, a continuidade deste club con 80 anos de historia”.

O Concello instalará cámaras na zona peonil

O Goberno local do Porriño colocará cámaras de vixianza no centro peonil da vila logo de que os sinais, nos que se indica que está prohibido o uso de patíns, balóns e bicicletas nesta parte da vila, aparecesen tapados con pintadas.

A alcaldesa lembrou que foi este goberno quen fixo cumprir unha ordenanza municipal, aprobada por outra Corporación, na que se establecía que na ‘peonil’ do Porriño non se podía circular a velocidade con bicicletas e patíns e tampouco xogar á pelota.

Estas prohibicións, subliña Eva García de la Torre, “foron un clamor dos comerciantes e dos veciños” que reclamaban poder camiñar, mercar, sentarse na terraza dunha cafetería ou gozar con tranquilidade



do tempo de lecer no centro do Porriño, “sen ter que temer o atropelo por parte dunha bicicleta ou que se rompesse un escarapate dun balonazo”.

Nos vindeiros días o Concello reparará os sinais, ben facendo unha limpeza dos mesmos, se é posible, ben colocando unha placa de vinilo para que os mesmos sexan visíbeis de novo.

O número de parados baixa no Porriño das 1.900 persoas por primeira vez en sete anos

O paro baixou o mes de agosto en O Porriño, unha caída que se suma ás 118 persoas que atoparon traballo en xullo, 67 en xuño, 41 en maio ou 46 en abril e que supón que o número de porriñesas e porriñeses desempregados sitúase, a día 31 do mes pasado, en 1.896, por debaixo das 1.900 persoas por primeira vez dende hai 7 anos.

Dacordo cos datos sobre a evolución do paro do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, dende que actual Goberno local tomara posesión, o paro en O Porriño reduciuse en 243 persoas, pasando de 2.139 desempregados en xuño de 2015 a 1.896 a finais de agosto deste ano.

Esta baixada, que prolongouse durante un mes especialmente malo para o emprego coma o de agosto-hai que lembrar que no conxunto do Es-

tado medrou en máis de 14.000 persoas-, deixa a porcentaxe de desempregados na vila no 21,4%, tres puntos menos que cando comezou o actual mandato municipal.

No que vai de 2016, o número de parados descendeu no concello do Porriño en 209 persoas, dos 2.105 veciños que estaban na procura de traballo a principios de xaneiro aos 1.896 que están anotados na oficina de emprego na actualidade.

Un mes máis, a alcaldesa, Eva García de la Torre quere coller esta baixada no desemprego do Porriño con moita prudencia e subliña que a aposta do Goberno local na loita contra o paro seguirá sendo a formación, con máis cursos, actividades e propostas que melloren a empregabilidade das veciñas e veciños que están buscando traballo.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Festas do Cristo 2016 no Porriño

Perante 25 días, do 8 de setembro ao 2 de outubro, O Porriño acolle as Festas do Cristo 2016, que este ano teñen unha completa programación que abrangue Concertos, coma os de Mago de Oz, Treixadura, Uxía-que será, ademais a encargada de ler o pregón o venres día 23, as 9 da noite na Praza Antonio Palacios-, Los Limones, Paula Madero, o Ballet de Mirian Pino, Argonats, ou a Banda Musical de Arcade.

Tamén haberá numerosas festas por toda a vila, entre elas a da Auga, o sábado 17 ás 6 da

tarde; Festa Medieval, Festa na rúa por barrios, ao longo de toda a duración do Cristo; teatro, verbenas, obradoiros, animación de rúa, exposicións; Festival de Jazz&Blues, o Concurso 'Tes talento?', xigantes e cabezudos, gaiteiros e a danzas das asociacións do Porriño, o monólogo de Luis Lago ou as marionetas de Titirircus e a Compañía Tanxarina.

O Cristo 2016 complétase con unha amplísima proposta deportiva, co Trofeo de Balonmán 'Festas do Cristo', nas categorías

cadete xuvenil e sénior; o Campionato Galego de BTT; a Marcha Urbana do Club Patín Porriño; o VI Torneo de Fútbol Festas do Cristo; O Torneo de Fútbol Rías Baixas; Minitenis; Ximnasia Rítmica, Atletismo, Kung Fu e ciclismo, coa Festa da Bicicleta, o XXXIX Criterium Festas do Cristo, a tradicional carreira nocturna, e o plato forte, a saída e chegada no Porriño da última etapa da XI Volta Ciclista a Galicia, que fará do 18 de setembro de 2016 un día histórico para a vila.



Presentación do equipo da nova tempada do Balonman Porriño

Alcaldesa, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, acompañaron este martes ao presidente do Balonmano Porriño, Fernando Godoy, e as súas xogadoras na presentación do primeiro equipo, que participará, unha tempada máis, na División de Honra Feminina-Liga Loterías do Balonmán Español.

O escenario elixido para o acto foi a Praza de Antonio Palacios, diante do Concello, cunha sesión de "Balonmán na rúa", na que participaron os integrantes de todas as categorías do clube. Ademais as xogadoras da primeira plantilla asinaron autógrafos, houbo sorteos e se amosou aos afeccionados e veciños do Porriño a Campaña de Seareiros "Damos a cara por ti!".



O PORRIÑO

Festas do Cristo

O PORRIÑO

11 Set / 4 Out 2015

Día 6 14:00h IV Torneo de Fútbol Festas do Cristo Día 9 22:30h Baloncesto Torneo Festas do Cristo en Pavillón Antonio B. Bala Día 11 21:00h Cine en familia na Praza do Concello 3. apellidos varcos Día 12 09:00h Ruta Orientación na Asoc. Cultural A Forna de Budiño 19:00h Baloncesto Torneo Festas do Cristo Cadete e Senior 21:00h Cine en familia na Praza do Concello 4. apellidos varcos 21:00h Natación 12 + 1 Birt track na Velódromo Día 13 12:00h XIV Trofeo Cristo de Ouro de Tiro Olímpico na Corpe do Razo 21:00h Cine en familia na Praza do Concello 5. apellidos varcos Día 15 11:00h Encontro de Corais na Corpe do Razo (situado en trema peatonal de c/ A. Pelacios) Día 16 21:00h FESTIVAL O NOSO SON na Corpe Gaitas San Xurxo de Mosende, Os Zoqueiros e Pendereteiros Fontalón Día 17 20:00h 5º Torneo de Fútbol Festas do Cristo en Budiño e Atlas 22:00h Exhibición de Bailes de salón na Corpe do Razo Día 18 20:00h Ciclo Indoor na Praza do Concello 21:00h Inauguración de exposición de pintura de Paz Antón na Centro Cultural Municipal 22:00h Concerto PatyLesta&Hit na Corpe Día 19 18:00h 1º Trofeo de karting Festas do Cristo (situado na rúa de San Antón) 19:00h 3º Torneo de Fútbol Festas do Cristo Transición na rúa Pinar 22:00h CONCERTO ROSALEZ: MI HOMENAJE A ANTONIO MOLINA Con Miguel Molina. Na Corpe do Razo 23:00h LOURO VALLEY FESTIVAL na Pavillón municipal VICTOR MAGAN - DJ OLIVER - GROOVE AMIGOS - TRAFFIC HOUSE - BRUNO FREIXO - KIKY GOTT - RIBBO - ARKO SILVA - AndreiBy - Perroton Pablo Méndez - presentador	Día 20 11:00h Esgrima Exhibición na Pavillón nº 2 12:00h Festa da Nemo na peatonal 12:00h Festa medieval na Circulo Recreativo Cultural (Lousada Vela) 12:00h Festa de Animación na Praza do Concello 18:00h Actuación do mago Cristian Magic na Circulo R.C. 21:00h Concerto de Missin' Blues na Corpe Día 21 17:00h Festa infantil con Inchebles na Praza do Concello de Galicia 21:00h Teatro de area MARCOS ESCUDERO na Corpe do Razo Día 22 17:00h Festa infantil con Inchebles diante Igrexa de Sta. Maria 21:00h Show de Alberto Cunha na Corpe do Razo Día 23 17:00h Festa infantil na praza interior de Urbanización El Sol 18:00h Torneo de Fútbol base na Parque Infantil 18:00h Exhibición Xiomara Rímica na Praza do Concello 21:00h 1ª Semifinal de TES TALENTOS na Corpe do Razo Día 24 17:00h Festa infantil en San Sebastián 18:00h Exhibición Kung Fu na Circulo 21:00h 5º Torneo de Fútbol Festas do Cristo en Lourambel 22:00h Odaiko Percussion na Praza do Concello 23:00h ALICIA MUÑOZ e grupo de Percusión de Tres Tormentos na Corpe Día 25 12:00h Festa infantil no Parque infantil 18:00h Lectura do Pregón das Festas 20:00h LOS SECRETOS na Velódromo (en caso de chuvia celebrárase na Pavillón municipal) Día 26 10:00h Tenis Torneo Fernández López e Pista Tenis 16:00h Aeromodellismo Encontro Internacional Festas do Cristo 17:00h Festa de animación na Corpe do Razo 18:00h Música na rúa con Charangas 19:00h BANDA DE MÚSICA DE TORRESO na Praza do Cristo 21:00h Banda de música de Torresos na Corpe do Razo 22:00h Orquestra DELIRIO na Praza do Concello 23:00h Orquestra MOSAICO na Praza do Central Día 27 12:00h Misa do Cristo con Coral 17:00h Festa de animación na Corpe do Razo	18:00h Música na rúa con Charangas 19:00h BANDA DE MÚSICA DE VALLADARES na Circulo R.C. 21:00h MAGOS DE ESPAÑA na Praza do Concello 22:00h Orquestra PALADIUM na Rúa Antonio Pelacios Día 28 12:00h Misa do Cristo e Procesión 17:00h Festa infantil na Praza do Concello 18:00h Mascotas de animación 19:00h BANDA DE MÚSICA DE BURGOS 20:00h Fútbol Trofeo Festas do Cristo 2.ª Grada en Lourambel 21:00h Orquestra LA OCA en San Sebastián 22:00h Orquestra ACHE na rúa Domingo Bueno Día 29 22:00h Chorus de Corais TONY MORG E ALBERT BUIRA na Corpe Día 30 18:00h Exhibición Patinaxe C. Patin R. na Praza do Concello 21:00h 2ª Semifinal de TES TALENTOS na Corpe Día 1 19:00h Presentación do Festival Mantando o Cristo en Praza do San Sebastián 21:00h Festival FolkTrad do Porriño FIANDOLA e RIOBO Día 2 18:00h Atletismo, probas atléticas na rúa Milla urbana 20:00h Ciclismo 34ª Critérium Trofeo Festas do Cristo Día 3 17:00h Festa infantil na Praza do Cristo 18:00h Ciclismo 35ª Trofeo Festas do Cristo Parque de Torneiras 19:00h BANDA MUNICIPAL DO PORRIÑO na Corpe do Razo 20:00h Festival Mantando o Cristo en Fernández Arenal 22:00h Orquestra PRINCIPAL na Praza do Concello 23:00h Orquestra ISMAEL na Praza do Central Día 4 FESTA DOS CALLOS 09:00h Mountain Bike, C. de España de Enduro R. do Concello 10:00h Ciclismo Marche Popular Festas do Cristo 11:00h 1º Concurso Bailes de salón FDC en Pavillón municipal 18:00h BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE ARCADE na R. do Cristo 19:00h Final de TES TALENTOS na Corpe do Razo 21:00h Orquestra TANGO na rúa Domingo Bueno
--	--	--

Concello do Porriño

forjados hnos. durán s.l.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
26147 AS NEVES (Pamplona)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Ler e Punto

LIBRERÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCERÍA - LABORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Frente á gasolinería, a saída a XES

AS NEVES

TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Torreiros

tel: 986 66 74 86
36849 AS NEVES

LOURIÑA

O PORRIÑO

A compulsa de documentos no Concello, que non teñan que ver co Concello ou coa Xunta, poderían non ter validez diante doutras administracións

O Concello do Porriño ven de prohibir por Decreto de Alcaldía a compulsa de documentos destinados a producir os seus efectos ante outras administracións e incluso aqueles destinados a realizar trámites cotiás e simples, co conseguinte perxuízo para os veciños e veciñas.

Os populares reclamaron no pleno que se facilite este servizo, sempre atendendo á legalidade e previo pago da correspondente taxa, para realizar trámites simples e cotiás como poden ser matriculacións escolares, solicitude de becas, compulsa de títulos, DNI, etc...

A negativa do Goberno Municipal do Porriño a buscar a maneira de favorecer aos cidadáns resulta aos populares "incomprensible" e "improcedente".

Segundo explicou a alcaldesa no pasado Pleno do 31 de agosto, en resposta a esta solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular, conforme á Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPA), a compulsa dos documentos que se presenten nos concellos se refiren a documentos que deben de ter efectos no propio Concello ou ben diante da Xunta, dado que o Concello do Porriño, como o resto dos municipios de Galicia, ten Rexistro Portelo Único coa Administración galega.

Isto supón, indico Eva García de la Torre, daccordo coa opinión do secretario municipal, que a compulsa no Concello doutros documentos oficiais, como os re-

feridos ao de Ensino, Seguridade Social, Facenda, Institutos, Universidade, Servizo Galego de Saúde ou Xulgados, poderían non ser admitidos por estas administracións.

Isto suporía que si as veciñas e veciños acoden ao Rexistro do Concello a compulsar documentos que non pertencen a propia administración local ou á Xunta, a devandita compulsa non ten porqué ser admitida como válida diante dos organismos sinalados, o cal causaría inconvenientes e inseguridade aos cidadáns.

Esta circunstancia é perfectamente coñecida polo Partido Popular: de feito en concellos gobernados polo PP, como o de Ourense, só se compulsan os documentos referidos ao propio Concello ou a Xunta.

Iniciadas as obras de dotación de beirarrúas en Pontellas



As obras para dotar de beirarrúas o tramo comprendido entre Maderas Iglesias e San Campio, en Pontellas, deron comezo esta mañá. "Trátase dun proxecto moi necesario para garantir a seguridade viaria dos peóns, tanto dos veciños como dos numerosos peregrinos que transitan por esta zona", destacou o Alcalde Accidental e concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera.

O proxecto inclúe a dotación de beirarrúas continua antideslizante, sistemas de drenaxe e iluminación nun tramo de 2 kms. "Esta beirarrúa enlaza coa xa existente desde Torneiros ata a saída do Paseo do Louro na ro-

tonda de Riego", explica Carrera. "O noso obxectivo é urbanizar, humanizar e mellorar os servizos do polígono de Torneiros e da súa contorna". De feito, fai un par de semanas arrincaron as obras de construción dunha rotonda no acceso á Fase III en Torneiros, "unha zona cunha gran densidade de tráfico debido á localización no mesmo barrio de vivendas, instituto, servizos de emprego, centros tecnolóxicos e empresas".

As obras, que se van prolongar durante tres meses, teñen un orzamento de 210.501,04 € e foron financiadas pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2016.

O Concello axuda á veciña que vai ser desafiuzada da súa vivenda

O Goberno local do Porriño fará todo o que estea na súa man para evitar o desafiuzamento dunha veciña da vila que, segundo veñen de reflectir os medios de comunicación, vai ser desaloxada da casa na que vive co seu fillo pequeno.

O persoal de Benestar Social do Concello, como fai anualmente en cada un dos máis de 3.000 casos que atende, presta, dende hai anos, a máxima axuda a esta veciña. Foron os Servizos Sociais Municipais os que tramitaron a concesión do Bono de Alugueiro que lle foi concedido hai un mes pola Xunta de Galicia, de feito, semanas atrás, unha traballadora social do Concello estivo na súa casa como parte da dilixencia para optar a esta asistencia.

Neste senso, o Concello ten a posibilidade de contribuír ao alugueiro con unha achega para a fianza e, mentres non se faga efectivo o ingreso da cantidade mensual da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), facerse cargo do aluguer.

A Consellería de Benestar

tamén fixo, hai moi poucas datas, a xestión para que puidese completar a solicitude da devandita RISGA; asimesmo outorgoulle, sempre que esta veciña a requiriu, a Axuda de Emerxencia do Concello, ademais de Axuda para Alimentos, "que se lle concedeu ao instante", achegas para o pago de clases de formación para o seu fillo, asesoramento e apoio para a petición da Renda Activa de Inserción por Violencia de Xénero (RAI) ou cooperación na procura dun traballo.

A concelleira de Servizos Sociais, Soledad Girón, mantivo unha entrevista con ela na que lle asegurou que se ocuparía "persoalmente" de facer unha xestión con unha entidade bancaria para buscar unha solución á súa situación. Nesta entrevista acordaron que o luns, día 5, a concelleira se poría en contacto con ela para informarlle do resultado da xuntanza co banco e, se a mesma non fora positiva, buscar solucións para evitar o desafiuzamento ou, en todo caso, evitar que esta veciña e o seu

fillo acaben na rúa.

A concelleira nega que o Concello deixase "no aire" no só o que ten que ver con esta veciña, senón con "calquera persoa que precise a nosa axuda" e, ademais de gabar o "labor constante e a entrega dos traballadoras e traballadores sociais do Concello", subliñou que "hai xestións e trámites que o Concello non pode facer polos cidadáns e que, en moitos casos, se non se levan a cabo por eles impiden que obtengan as axudas que precisan".

Apertura do prazo de matrícula na Escola de Música do Porriño

A Escola Municipal de Música do Porriño inicia a apertura do prazo de matrícula para o Curso 2016-2017, entre o 20 e o 23 de setembro, en horario de 4 a 8 da tarde.

O martes 20, mércores 21 e xoves 22, estará aberta a matrícula para antigos alumnos con

prescrición, e daccordo á orde da data de entrega da documentación; o venres, 23, en horario de 16 a 18:30 h. será a quenda para os solicitantes novos con prescrición e o mesmo día, pero de 18:30 a 19:30 para solicitantes con e sen prescrición, por orde de chegada e dependendo de

que aínda haxa vacantes.

Os responsábeis da Escola de Música indican que cada día se matriculará a 9 ou 10 alumnos cada hora e que, cada día, se exporá no taboleiro de anuncios do Centro Cultural e na porta da Escola de Música, o listado de matriculacións.

Mos terá unha nova Ludoteca Municipal en Louredo

O Concello ten preparado un proxecto de reforma da antiga Escola Unitaria de Louredo para adaptala como Ludoteca Municipal. Para poder acometelo a administración local mosense investirá un importe de 91.000 euros.

Respecto deste proxecto a rexedora local declarou hoxe que “visto o bo funcionamento da Ludoteca de San Rafael que abriu as súas portas a finais de 2014, que rexistra un gran número de usuarios e usuarias non só en horario de tarde entre semana senón tamén as fins de semana; consideramos necesario e moi beneficioso para o municipio a creación dunha nova Ludoteca”. Así mesmo Arévalo explica que “coa gran extensión territorial que ten Mos é importante poder contar con dúas Ludotecas Municipais, tendo en conta ademais que contamos xa cun edificio idóneo para tal fin e sen utilizar, como é a Escola Unitaria de Louredo”.

E é que a actividade da primeira e única Ludoteca Municipal de Mos, a de San Rafael en Pereiras, vai en ascenso progresivo e diversificándose ademais, xa que non só se imparten nela obradoiros e iniciativas infantís, senón tamén para adultos. Sen ir máis lonxe organizáronse nestas instalacións accións formativas para educadores, así coma cursos de contacontos; entre outras actividades. Cómpre destacar ademais a importancia que as Ludotecas teñen nun aspecto social de relevancia capital como é a concienciación da vida familiar e laboral.

A rehabilitación da antiga Escola Unitaria de Louredo, sita no



lugar do Pombal, pretende a inclusión no interior da construción dunha Ludoteca de dúas aulas. O edificio é de pranta baixa cunha superficie construída total de 166 metros cadrados nunha parcela de 754 metros cadrados.

O proxecto contempla nesta edificación a disposición de dúas salas, unha para exposición e préstamo de xoguetes e libros e outra para a realización de actividades de xogo. Cada unha das aulas tería unha superficie mínima de 50 metros cadrados. Contará cunha porta de entrada de 1,20 metros e apertura cara ó exterior. Dotarase de baños adaptados aos usuarios de xeito que disponse para a aula de 2 a 3 anos un aseo con dimensións e necesidades adaptadas aos usuarios, tendo a outra aula

dous aseos dotados de inodoros e lavamans; e adicionalmente disponse un aseo adaptado para uso xeral.

O edificio presenta aperturas nas súas catro caras para favorecer a ventilación e iluminación natural e conta con espazo libre que será adaptado ós usuarios dispóndose un axardinamento completamente valado e controlado para a utilización por parte dos cativos. O patio de xogos contará cunha superficie de 100 metros cadrados.

As instalacións da Escola Unitaria de Louredo datan do ano 1975 e están dispostas en forma de T, con dúas aulas simétricas con orientación oeste. A rehabilitación das mesmas presenta unha solución que se adapta en gran medida á estrutura formal

preexistente, dispoñendo as dúas aulas cunhas proporcións similares ás previas e readaptando a zona destinada a servizos para organizar o acceso e os aseos, habilitándoos á normativa vixente. No exterior da parcela ubícarase o patio de xogos e a zona destinada ó tránsito puntual de vehículos para o mantemento da construción, que será dotada de pavimento separador que protexa as circulacións.

Para a execución desta obra a Deputación de Pontevedra ven de conceder unha subvención incluída no Plan de Obras e Servizos 2016 para rehabilitación da construción en Louredo como Ludoteca. O investimento deberá estar executado e xustificado na súa totalidade a 31 de decembro de 2017.

Restauración do Cruceiro dos Cabaleiros

O Concello xa ten finalizado o proxecto técnico de restauración do Cristo da Victoria, situado nos Cabaleiros, parroquia de Mos, en pleno Camiño Portugués a Santiago de Compostela e protexido por Patrimonio por datar de 1612. A primeira escritura na que figura o cruceiro é do ano 1673.

O proxecto de restauración, cun orzamento total de obra que ascende a 16.348,90 euros, consistirá en eliminar líquenes e contras (mediante diferentes técnicas de limpeza e aplicación de biocidas), eliminar o encintado de cemento e policromía sintética actuais, eliminación das intervencións pouco adecuadas como: o repintado, a colocación de valo metálico, a estrutura metálica para luces na parte superior e o amaño da contorna.

A restauración de todo o conxunto, coa eliminación de pintura, estrutura superior e pechado, ademais de cubrir con pedra a zona do primeiro chanzo, cambiar a liña que vai por encima, e as hornacinas para as velas, ten un orzamento aproximado duns 10.000 euros, ós que hai que sumarlles unha inversión duns 7.000 euros para a acometida do soterramento da liña eléctrica que afeaa o ben. En total adicaranse os preto de 17.000 euros arriba indicados á optimización do Cruceiro dos Cabaleiros.

Para a restauración deste cruceiro a Deputación de Pontevedra ven de conceder unha subvención de 10.851,55 euros. Os traballos deberán estar rematados antes do 30 de xuño de 2017.

Repuestos OJEA
MECANISMO AUTOMATICO
Avda. Galicia, 44 Bajo
Salceda de Caselas
Tel: 986 34 33 71
Fax: 986 349 686
repuestosojea@gmail.com

Pizzeria D'Camilo
V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf: 986 34 06 61

o remendón
Cerrajería
vivienda-automóvil-chaves
Reparación de calzado
Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Tomiño reconece a labor do urbanista Daniel Pino no 10º Acto Cívico das festas do Alivio

A Corporación Municipal do Concello de Tomiño, coa alcaldesa Sandra González á cabeza, rendeu onte un sentido homenaxe ao sociólogo urbanista Daniel Pino Vicente, veciño de Forcadela, converténdoo deste xeito, no décimo “tomiñés distinguido” no Acto Cívico do Alivio, organizado polo Concello.

Ademais de políticos e pobo en xeral, o homenaxeado estivo arroupado por familiares, amigos e colegas, que se achegaron até a Praza do Seixo, fronte á Casa do Concello, dende diferentes puntos de Galicia. Entre os convidados atopábase tamén a maioría dos tomiñeses distinguidos en anos anteriores.

Daniel Pino foi o primeiro en tomar a palabra para agradecer sinceramente o recoñecemento popular. “Estou sinceramente agradecido a esta corporación liderada por Sandra, que ten le-

vado a Tomiño a recuperar un pulo que tiña perdido. Gracias, pois. Noraboa e adiante. Nesa viaxe que Tomiño está a levar contén comigo en todo o que eu poda ofrendar”, sinalou visiblemente emocionado.

A continuación deu lectura a un poema do seu libro No leme das lembranzas, “para acreditar o meu amor pola miña terra”.

Fundador da empresa Consultora Galega e director do IGVS durante o goberno do bipartito na Xunta de Galicia.

O Concello de Tomiño quere recoñecer con este acto cívico a traxectoria de Daniel Pino especialmente no eido do urbanismo, salientando o seu gran coñecemento da xeografía rural e urbana, unha das súas paixóns.

O homenaxeado deste ano ten no seu haber numerosas obras no ámbito científico e literario, así coma importantes premios pola súa labor no eido do urba-



nismo (Premio Europeo de Urbanismo pola Ordenación e Recuperación Integral do Conxunto Histórico de Allariz e o seu río. 1994; Premio Galicia de Deseño

pola Plan Xeral de Ordenación de Vilagarcía. 1985, ou Premio Nacional de Urbanismo polo Plan Especial de Protección do Pazo de Oca e o seu entorno. 1981).

Preto de 200 veciños de Tomiño participaron na campaña de doazón de sangue de verán

Un total de 183 veciños e veciñas de Tomiño participaron na campaña especial de verán levada a cabo pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, organismo que cualificou de “excelentes” os resultados acadados durante os días 4 e 5 de agosto pasados.

A xefa de área da devandita Axencia Galega, Dra. María Adelantado Pérez, vén de remitir un escrito de agradecemento dirixido á alcaldesa de Tomiño, Sandra González, “pola contribución e sincero compromiso co solidario xesto de doazón de sangue”, na que se achegaron á unidade móbil 183 persoas, 17 delas por primeira vez.

Segundo os datos achegados polas Axencia Galega de Sangue, durante o ano 2015 houbo máis de 350 doazóns, o que supón 26 doazóns por cada 1000 habitantes; unha taxa que se ben está por debaixo da recomendada pola Organización Mundial da Saúde, pode considerarse moi boa.

Asemade, dende a primeira visita da unidade móbil ao concello, no ano 1995, contabilizáronse case 5600 doazóns, realizadas polas 1069 persoas censadas como doadoras de sangue na vila. “Con estas doazóns, a modo de exemplo, poderíanse levar a cabo máis de 2700 intervencións cirúrxicas, ou transfundir plaquetas a máis de 900 enfermos de cancro ou leucemia”, informa a Dra. María Adelantado.

Tomiño acorda por unanimidade solicitar o ingreso á Área Metropolitana de Vigo

A Corporación Municipal do Concello de Tomiño tomou onte en pleno e por unanimidade, a decisión de solicitar á incorporación da vila á Área Metropolitana de Vigo.

A citada decisión veu motivada pola moción presentada pola Alcaldía, na que se explicaba que “dadas as fortes vinculacións económicas, sociais, culturais e mesmo sociolóxicas,

aconsellan a planificación conxunta e coordinación de determinados servizos e obras, para garantir a súa prestación integral e adecuada no ámbito de todo o territorio, así como para acadar a eficacia nos investimentos públicos, tal como dita a nova Lei de 12 de abril da Área Metropolitana de Vigo.

A alcaldesa de Tomiño, Sandra González Álvarez, sinalou que To-

miño ten vontade de que exista un transporte público que facilite o desprazamento diario de veciños e veciñas de xeito seguro, económico e ambientalmente sostible”.

Para a rexedora non hai que esquecer a liña ferroviaria Porto-Valença, que pasando por Vila Nova de Cerveira (situada a 5 km. de Tomiño), será algún día un eixo vertebrador do territorio da comarca. “Tomiño ten vocación

de lembrar na área metropolitana que este medio de transporte é fundamental para reforzar as relacións entre dous polos atlánticos coma Vigo e Porto”, salientou a alcaldesa. Asemade, para ela, unha mellor conexión entre ambas marxes “suporá unha vantaxe competitiva para Tomiño, repercutindo no emprego, na economía e na conectividade do noso territorio”.



A GUARDA

O Alcalde asina un convenio para melloras na depuradora e demanda a construción dun auditorio á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta

Por parte da Consellería o motivo de citar ao alcalde era a sinatura dun convenio de colaboración para a execución de melloras na depuradora da Guarda. As melloras, que o concello levaba demandando dende fai tempo. O custo desta actuación ronda os 60.000 € e sería cofinanciado pola Unión Europea a través dos fondos FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural).

O alcalde e a concelleira aproveitaron a xuntanza para facerlle chegar a responsable de Ordenación do Territorio unha das demandas máis importantes que ten a Guarda, a construción dun auditorio.

Para argumentar a necesidade desta infraestrutura os responsables municipais explicaron, tanto no transcurso da reunión como na carta entregada a Conselleira, a situación que se produce na Guarda que xustifica esta demanda: a gran cantidade de asociación culturais e deportivas que temos, en total 50 rexistradas. Que a pesar de ser unha Vila con máis de



10.000 habitantes e unha densidade de poboación de máis de 500 hb/km2 non temos un espazo pechado en condicións onde celebrar eventos, dado que o que usamos habitualmente, o salón

de actos do Centro Cultural, so ten 187 butacas e un escenario de 24m2. Que as veces, sobre todo por motivo do tamaño do escenario, hai que trasladar algún evento a Igrexa Parroquial. Que antes da crise a Xunta xa tiña previsto facer un auditorio na Guarda, incluso houbo unha partida nos orzamentos da Xunta para a redacción do proxecto. Que na Guarda xa existe unha parcela coa cualificación urbanística para construír un auditorio; que existe unha axenda cultural que por si sola xa xustificaría este investimento.

A Conselleira mostrouse interesada e sensible aos argumentos que lle fixeron chegar os responsables municipais.

É curioso observar como en tempos electorais todos os temas que estaban metidos nalgún caixón político saen á luz e preséntanse como de inminente resolución. Si isto non se dera cada catro anos ata poderíamos crer que hai vontade de facer as cousas, pero así, con esta cronometría tan axustada ninguén se cre que a Xunta teña realmente interese en facer na Guarda esas inversión que agora se di.

Resolución do Concurso de Selfies #Viveaguarda

Douse resolución ao Concurso de Selfies #Viveaguarda que se levou a cabo no verán guardés. Este concurso estivo en funcionamento durante o verán e se trataba de dar visibilidade ó noso pobo a través dos selfies que a mocidade guardesa colga nas redes sociais; xuntando así a cultura guardesa, as paisaxe e as novas tecnoloxías.

O xurado formado por Vladimir Brey (Foto Verano), Patricia Alvarez (Estudiante de Fotografía) e Alba Barbosa (Animadora sociocultural do Concello da Guarda), despois de valorar todos os traballos recibidos, deron por gañador ó selfie feito por Alejandro Pena da Guarda, ó que se lle fará entrega dun vale por unha cea para dúas persoas no Restaurante O Forte de A Guarda, quen colabora co Concello neste concurso.



Vinoteca
Eira Vella
vinos, licores, pulgas e demais...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

LIMPIEZAS PONTAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
crystaleras, moquetas, abrellantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavanderas, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 652

Copisteria NUMAR

TRABAJOS DE IMPRENTA
COPIAS B/N - COLOR - PLANOS
IMPRESION DIGITAL COLOR
ENCHUADERNACIONES - FAX
PLOTTER - CARTELES
PLASTIFICADOS
PUBLICIDAD

Tel.-Fax 986 642 971
C/Travador Xoán G. de Guillade, 2
Ponteareas - Pontevedra
E-mail: ofmancopy@ofmancopy.com

Jesús Bastos Martínez
629 40 17 17

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O concello da Guarda esixe á Xunta transparencia na concesión dos obradoiros de emprego

O concello da Guarda solicitou na convocatoria deste ano 2016 un obradoiro de emprego para dúas especialidades: axuda a domicilio e oficios varios. A elección destas especialidades está sobradamente xustificada. No caso de axuda a domicilio é a propia demanda de formación que existe na localidade abalada principalmente polo alto índice de colocación que se prevé, tal e como sucedeu no pasado cando se impartiu esta especialidade. A última vez que A Guarda tivo un obradoiro, alá polo ano 2008, na especialidade de axuda a domicilio atoparon emprego a maioría das persoas que participaron. En oficios varios o obxectivo era principalmente dar formación a persoas que perderon o seu emprego pola crise do ladrillo, para mellorar a súa cualificación e que puideran reinserirse no mundo laboral. As prácticas para este obradoiro estaba previsto que se realizaran no antigo colexio Sinde o que permitiría ademais a rehabilitación do edificio.

A solicitude para este obradoiro ten data de 25 de febreiro e a día de hoxe non hai ningunha comunicación oficial sobre se o temos concedido ou non. Sen embargo responsables políticos da Xunta, sen que exista resolución publicada, levan dende o mes de xuño anunciando por distintos concellos, a bombo e platillo, que lle foron concedidos obradoiros de em-



prego e AFD (Accións Formativas para Desempregados). Incluso hai concellos que lles concederon as dúas modalidades, Obradoiros e Accións Formativas, véndose obrigados a renunciar a algunha delas por falta de alumnos.

Independente doutras cuestións que non podemos valorar, dado non hai resolución, consideramos que A Guarda e os seus veciños merecíamos que a Xunta nos concedera o obradoiro de emprego por cumprir os requirimentos que se esixían na convocatoria e por outras circunstancias. En primeiro lugar dicir que superamos a puntuación mínima para a concesión do obradoiro, temos 24 pun-

tos cando a Xunta esixía como mínimo 23. Na convocatoria dicíase que o número de empregados tiña que superar os 500, no noso caso por desgracia superamos ese número, temos a día de hoxe segundo o IGE, 876 parados. Outras localidades apenas rebasan os 500, e en moitos casos tiveron que agruparse concellos para conseguilos. Non temos un obradoiro nin Acción Formativa dende o ano 2008 mentres que outras localidades levan tido formación tódolos anos.

A Xunta de Galicia non é transparente. O concello da Guarda síntese discriminado ao comprobar que favorece a uns concellos sobre outros de-

pendendo das cores políticas dos equipos de goberno.

Dende o concello da Guarda queremos facer pública esta situación, os veciños da Guarda teñen que saber que o concello solicitou o obradoiro, que temos a puntuación mínima esixida para que no lo concedan pero non sabemos nada da resolución, supoñemos que a día de hoxe xa está pechada pero non publicada. E evidente que a Xunta está actuando de forma partidista, fixo os anuncios das concesións dos obradoiros sen resolución, de xeito discrecional tendo en conta as cores políticas de quen estaba gobernando nos concellos.

A Biblioteca lanza o concurso de deseño "Mascota da Biblioteca"

Como complemento á campaña "Vive a Biblioteca", que un ano máis se inicia na Guarda para fomentar a lectura entre os nenos, nenas e no público xuvenil e adulto, unha das novidades deste ano é o Concurso de Deseño "Mascota da Biblioteca", no que colabora a copistería "Copisterium".

Poden participar neste concurso nenos/as e xoves de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade, sempre que contén co consentimento expreso dos seus pais, nais ou titores legais; e pode ser de maneira individual ou en parella.

Os deseños deberán presentarse entre o luns 12 de setembro e o 8 de outubro na Biblioteca, no Centro Cultural ou no Departamento de Cultura do Concello da Guarda. Tras rematar este prazo un xurado valorará os deseños tendo en conta a calidade técnica e artística e a adaptación da composición ós obxectivos do concurso. Este xurado escollerá cal será a mascota da Biblioteca, que se presentará en público o sábado 22 de outubro, primeira cita dos Contos Contados. O gañador ou gañadores recibirá como premio un lote de libros e un agasallo doado pola copistería "Copisterium" da Guarda.

Ademais, ese mesmo día da presentación tamén haberá sorpresas, un Photocall para dar a benvinda á que será a mascota da Biblioteca, e coa axuda do voluntariado xuvenil, se realizará un graffiti.

Citanía
Mobiliario & Descanso
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

José A. Cabaleiro R.
Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa
Telf.: 639284063
e-mail: jacrielo@hotmail.com
Cerqueiral nº8A - Po 36471 - Entienza

ElectroGranxa
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com
www.electrogranxa.com
Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 259 - Nave 3, 36400 PORRIÑO - Pontevedra

A GUARDA

O concello da Guarda atende o mantemento dos centros de ensino e as demandas dos profesores



Como en anos anteriores estes días estanse a rematar as tarefas de mantemento para poder ter os centros escolares da Guarda en bo estado para o vindeiro curso 2016-17. Dende o concello están atendéndose tódalas peticións que cada centro remitiu ao remate do curso. Os operarios levan dende xuño traballando a reo: pintando, colocando os materiais pedidos polo profesorado nas súas aulas, facendo arranxos varios como billas e persianas, limpando e desbrozando xardíns e adecentando as entradas dos centros.

Este ano cabe destacar o

arranxo da cuberta do Pavillón de Solanas, do que temos o compromiso da empresa de que estará rematada antes do comezo do curso. Como é sabido esta obra tivo unha aportación municipal de 75.000€ xa que está cofinanciada ao 50 % polo concello e pola Consellería de Educación. Realmente a obra excede o simple mantemento do que se encarga o concello e por iso debería ser financiada totalmente por Educación, tal e como se está facendo en obras de envergadura similar en moitas localidades da provincia. De calquera maneira Solanas

terá un pavillón renovado e o compromiso do Xefe provincial de Educación de investir no mesmo centro o sobranse da execución desta obra, tal e como llo solicitou o alcalde Antonio Lomba.

No colexio Manuel Rodríguez Sinde o concello colaborou para que se poida implantar un comedor escolar que comenzará a funcionar este curso. No centro da Sangriña levarase a cabo un pulido do chan na entrada do colexio para evitar que os alumnos esvaren os días de choiva e a unitaria da Gándara terá uns baños renovados para os nenos.

Tempada 2016/2017 das escolas e actividades deportivas na Guarda

Co mes de agosto rematado e a piques de comezar un novo curso escolar, a actividade deportiva tamén chega con forza nesta nova tempada á vila da Guarda.

Por unha banda no mes de outubro retómanse as escolas deportivas para os máis cativos da casa. Esta oferta de escolas deportivas inclúe dúas actividades gratuítas: baloncesto e patinaxe artístico. No caso do baloncesto, terán lugar os venres de 16 a 18 horas. No caso do patinaxe artístico, se levarán a cabo tódolos luns de 17 a 19 horas.

Ademais, as escolas deportivas complétanse con dúas actividades máis. Haberá clases de bádminton os mércores de 16,30 a 18 horas, cun prezo de 10€ o mes. Tamén se oferta a posibilidade de aprender un deporte moi en alza como é o pádel. Por 15€ ao mes, os rapaces e rapazas poderán practicalo os martes de 16 a 17 horas se teñen entre 6 e 8 anos de idade; e os mércores de 17 a 18 horas para os nenos e nenas de 9 a 12 anos.

Para os adultos son catro as actividades ofertadas,

que tamén comezarán no mes de outubro. Os martes e os xoves impartiranse aulas de aeróbic das 20,30 ás 21,30 horas, cun prezo de 18€. Os mesmos días, martes e xoves, de 19 a 20 horas, haberá clases de pilates a 28,50€ ao mes. E tamén os martes e xoves pero pola mañá, de 11,20 a 12 horas; os que o desexen poderán aprender técnicas de relaxación. Esta actividade ten un prezo de 18,50€.

Tamén dará comezo a “Ximnasia para a 3ª Idade”, unha actividade gratuíta que se desenvolverá dous días á semana, unicamente durante o mes de outubro no Centro Cultural, e que incluírá diversas saídas ao aire libre dependendo da meteoroloxía.

As inscricións, tanto para as escolas deportivas de nenos e nenas como para as actividades de adultos, poderán realizarse a partir do 6 de setembro na oficina da OMIX do Concello da Guarda. Para máis información poden chamar ao teléfono 986 61 45 46 ou enviar un correo electrónico a deporte@aguarda.es



NOVAS DA RAIA

O Desafío Santa Trega homenaxeará a Álvaro Pino o 1 de outubro



A cuarta edición da carreira popular 15K do Atlántico-Banco Mediolanum vén cargada de novidades. E é que este ano ademais de incorporar probas para os máis pequenos tamén celebrará o Desafío Santa Trega. Trátase dunha proba cronometrada na que Álvaro Piñeiro retará aos atletas inscritos a alcanzar a cima do Monte Santa Trega. O ciclista de Ponteareas farao coa mesma bicicleta e a camisola amarela co que gañou a Volta a España en 1986, percorrendo un circuíto de 5 quilómetros por estrada. Os seus adversarios terán que

completar un percorrido de 2 quilómetros case verticais polos camiños do emblemático monte da Guarda. Aquele que chegue antes á liña de meta será o vencedor moral deste desafío que recompensará cunha camiseta e unha medalla finisher a todos os participantes que superen a liña de meta. Esta competición celebrarase na tarde do sábado 1 de outubro e terá como obxectivo conmemorar o 30 aniversario da vitoria de Álvaro Piñeiro na Volta a España.

O Desafío Santa Trega estará limitado a un máximo de 300 corredores e as inscricións para par-

ticipar no mesmo e nas carreiras infantís abriranse o vindeiro martes 13 de setembro na web www.championchipnorte.com e nos ximnasiaos Do-Simpático (A Guarda) e Excálibur (O Rosal). Namentres, preto de 200 persoas xa se apuntaron na 15K e na andaina entre Oia e A Guarda do domingo 2 de outubro, cuxo rexistro segue aberto ata o 28 de setembro a través das mesmas vías.

A 15K do Atlántico e o Desafío Santa Trega están organizados por Qualité Sport en colaboración con Banco Mediolanum e os concellos de Oia e A Guarda.

Monção suspende pagamento nas zonas con parquímetro

O Executivo Municipal de Monção deliberou, por unanimidade, suspender o pagamento nas zonas de estacionamento pago até que seja criado e aprobado un novo regulamento, pasando, nessa altura, o sistema a ser gerido pela autarquía.

O traballo para a revisión do regulamento iniciou-se no pasado día 7 de setembro numa reunión de traballo con os empresarios locais, continuando agora con a efetivação do documento que, registre-se, deberá englobar algumas das sugestões apontadas naquele encontro realizado no Museo do Alvarinho.

Quando concluído, o novo documento terá de obedecer a determinadas etapas administrativas obrigatórias, nomeadamente aprovação no executivo municipal e na assembleia municipal con prévia audiencia pública, proceso que deberá estar finalizado aínda no corrente ano civil.

Enquanto decorrem os trâmites



legais, o estacionamento passa a ser gratuito e sem límite de permanência. Os dez parquímetros colectivos e os doze pilaretos con controllo à distancia permanecen nos locais, unha vez que serán utilizados polo municipio cando o novo regulamento entrar en vigor.

Além da componente legal asociada à revisão do regulamento, haverá também a necessidade de adaptar o sistema informático às novas medidas e reajustar o processo de fiscalização da cobrança que, contrariamente ao período de concessão, passará a ser efetuado por funcionários da autarquia.

Videovigilância na fortaleza de valença

A Câmara Municipal de Valença implementou um sistema de videovigilância na Fortaleza, de modo a reforçar as condições de segurança de pessoas e bens.

As bolsas de estacionamento das Portas do Sol, Cortinas de São Francisco, Portas da Gaviarra, Campo de Ténis, Portas do Meio e o topo da avenida de Cristelo, na Fortaleza, contam já com um sistema de videovigilância, com

gravação 24 horas por día. As principais áreas de estacionamento extra-muros da Fortaleza, bem como a principal porta de acesso ao centro histórico reforçam, assim as condições de segurança para as pessoas, veículos e mobiliário urbano.

A videovigilância implementado em Valença é um sistema moderno e eficaz que permite um registo continuo de imagens, 24 horas por día, em vá-

rios ângulos garantindo uma melhor segurança de pessoas e bens.

Com este sistema de monitorização é possível reforçar as condições de segurança. Medidas necessárias, sobretudo, nos principais picos de afluência de visitantes à cidade. Recorde-se que entre 1 de janeiro e 30 de agosto, o Centro Histórico de Valença já superou 1 milhão e 400 mil visitantes.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

Triatlo da Amizade: 10 anos de cooperação transfronteiriça

Há uma década que o rio Minho abraça uma prova que une portugueses e galegos na potenciação do desporto internacional e do intercâmbio sociocultural. O Triatlo da Amizade Cerveira-Tomiño 2016 decorre no próximo domingo, com classificação para a Taça de Portugal PORTerra e para o Campeonato Galego de Triatlo Cross. Prova sénior decorre a partir das 10h30, e o Circuito Regional Jovem no período da tarde.

.Em disputa está o Troféu da Amizade, uma obra da autoria do escultor espanhol Arcadio Blasco, cuja designação da escultura é “Encontros de Culturas” sendo, desde a primeira edição, o símbolo do

Triatlo da Amizade. O troféu nunca é propriedade de qualquer um dos intervenientes, fazendo-se sempre a passagem deste símbolo da amizade entre os galegos e os portugueses, conforme quem vença a prova. O país vencedor guardará o troféu até à edição seguinte.

Competição, confraternização e espírito de entreajuda são conceitos que marcam o Triatlo da Amizade, este ano a comemorar 10 anos de existência. A prova está agendada para o próximo domingo, 18 de setembro, com os seniores a partir das 10h30, e saída de Vila Nova de Cerveira, e com as camadas jovens, após as 15h00, do lado de Tomiño.



Portugueses e galegos correram pela muralha de Monção

Fortaleza da vila, monumento nacional por decreto de 16 de junho de 1910, juntou cerca de 300 atletas na segunda edição do Trail Urbano Muralhas de Monção, o qual englobou duas provas de trail, com 12 e 7 quilómetros, e caminhada de 8 quilómetros.

Em tempos passados, a fortaleza de Monção “erguia-se” sobre o rio Minho com o propósito de sustentar as investidas do Reino de Castilha. Em tempos atuais, é um valioso cartão-de-visita para quem gosta de passear tranquilo

com o olhar “preso” na paisagem.

Dada a sua imponência e beleza, serve também como espaço de descontração e desporto.

Após a entrega dos trofeus, o presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, agradeceu a presença de todos e desejou que a prova tivesse correspondido às expectativas da organização. Reforçou o apoio em próximas edições e sustentou que a prova, aliando a componente física à beleza paisagística, tem todas as condições para crescer.

Castelo MUEBLES

ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188

Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO

Castelo 2 MUEBLES

Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS

www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com



OPINIÓN

Por: Isidoro Gracia

Un libro de François Mitterrand aplicable á España de hoxe

Un comentario meu sobre as formas democráticas que mostran gran parte dos medios de comunicación levo a un amigo a recordarme que relese O golpe de estado permanente, de Mitterrand.

E bo, relelo non o relín, pero entre o que me queda de memoria e unha publicación relativamente recente realizada con motivo do 75 aniversario da República (Golpismo ou Democracia), entendín o acertado do consello e axudoume a entender moitas das cousas que hoxe suceden, e sobre todo cal é o papel que desempeñan moitos dos actores, incluídos os dos polo menos teóricos defensores de valores democráticos como a liberdade de opinión.

Para entendernos, a República Francesa gozou durante un tempo dunha Constitución, realizada á medida do xeneral De Gaulle, na que en casos de urxencia, tales como o perigo da integridade territorial ou de incumplimento de compromisos internacionais, o Presidente da República estaba autorizado a tomar “as medidas necesarias”, creo que tamén podía intervir si interrompíase o funcionamento regular dos Poderes Públicos. O problema principal deveu de que quen interpretaba a gravidade da situación era o propio xeneral,

que usou, abusou e tergiversou o texto da Constitución á súa conveniencia.

Estaba en como e a quen adxudicar o papel de De Gaulle en 2016, cando caí na conta que en España temos polo menos un par de antecedentes: como se combateu a Felipe González e a Zapatero.

Empezando por González, en palabras dun actor directo, Ansón: “A cultura da crispación existiu porque non había xeito de vencer a Felipe González con outras armas”, “era un home cunha potencia política de tal calibre que era necesario chegar ata o límite”

“Algúns o fixemos desde o convencimento honesto de que ese era un servizo ao sistema democrático”.

En o grupo promotor abundaban os di-

rectores de medios de comunicación, ás reunións asistía o que foi Secretario Xeral do PP (Álvarez Cascos) e o grupo foi apoiado por parte da banca (titular de accións ou con apoios financeiros a eses medios).

Seguindo por Zapatero. Como queira que a campaña de prensa e a mobilización na rúa, contra o seu goberno non conseguía que os apoios sociais se debilitaran o suficiente, xa que, en palabras dun medio

ben significativo (Libertad Digital, si o mesmo que financiou o PP de Rajoy con diñeiro negro): “Só a presión da rúa poderá dobrarlle a man a quen non atenden a argument”, e claro, entre outras cousas intentaba terminar coa violencia de ETA, usando o diálogo e resolver os problemas con Cataluña mediante ao reinterpretación da Constitución e o Estatut.

A presión non o dobrega e preséntase ante o Rei o documento-manifesto titulado “TRANSFORMA ESPAÑA. Un momento crave para construír entre todos a España admirada do futuro”, en plena crise económica, e á marxe do entón Presidente do Goberno Zapatero. Aquel manifesto, elaborado pola Fundación Everis, contén moi-

tas das esixencias de reformas estruturais que logo aplicaría o goberno de Mariano Rajoy, e está asinado e avaliado polos empresarios e banqueiros máis destacados de España, e que representan en conxunto a máis do 90% do IBEX. Xunto a Sánchez Galán (Iberdrola) figuran: César Alierta (Telefónica), Antonio Brufau (Repsol), Juan María Nin (A Caixa), Juan Roig (Mercadona), Antonio Vázquez (Iberia), Anxo Cano (BBVA), Alfredo Sáenz (Santander), Baldo-mero Falcones (FCC), Pablo Isla (Inditex), Borja Prado (Endesa), Francisco Román (Vodafone), Juan Abelló (Torreal) e Felipe Benjumea (Abengoa), entre outros.

A posible conclusión de que o rol de De Gaulle, entón en Francia, en España exerceo os medios de comunicación resultaría incorrecta, é evidente que quen o exerce sen ningún rubor nin vergonza son os donos deses medios.

Do que se persegue é a estabilidade, choca claramente coa experiencia do perseguido con Felipe González e de que o que se intenta é o respecto ás formas e valores democráticos, co sucedido con ambos presidentes socialistas.

Por todo o anterior, iso de que evitar unhas terceiras ou cuartas eleccións é polo ben de España, é obrigado traducilo porque é polo ben duns moi determinados españois, con nomes e apelidos.

Así me resulta fácil comprender en especial o editorial do País do pasado domingo, ese en o que se di: “...o primordial é impedir que os españois teñan que volver ás urnas, algo que hai que evitar de calquera forma”.

Defensa da Democracia? Xulguen vos- tedes.



Por: Roberto Carlos Mirás

A picaresca

En tódolos pobos mariñeiros se contan historias de buques fantasma que aparecen en distintos momentos da noite. Son historias que se mesturan entre a fantasía e a ilusión, entre o conto e a novela en algúns casos reais e noutros irreais. O que pasa actualmente na política semella senón algo igual polo menos similar. O capitán do barco pensa que todo ten solución pero para elo hai que deixar que o tempo pase. E de novo virán eses resultados dunha maneira ou doutra. Pero como pode ser que un partido político leve catro anos no Goberno e non fixo absolutamente nada do que prometeu?, como pode ser? Onde están os asesores que até o momento contou o mesmo? Cada día sae un libro contando unha historia distinta a anterior, falando dun personaxe ou figura que dixo algo nun momento preciso. O periodista Graciano Palomo daba a coñecer no seu último libro a figura de Pedro Arriola baixo o título de “Pedro Arriola o bruxo. A historia secreta do home que levou a vitoria a Aznar e a Rajoy”

publicado na Esfera dos libros cun prólogo de Raúl del Pozo. Os partidos políticos teñen moito persoal traballando para eles e un dos máis importantes son estas persoas que asesoran nos distintos campos en torno a súa figura se cerne unha leyenda entre a historia e a ficción. Nestes días o Xornalista coruñés Nacho Carretero presentaba en Galicia o seu traballo co título de “Fariña. Historia e indiscreciones do narcotráfico en Galicia” (Libros del K.O.) Ao comenzar a leer o mesmo non se pode meter a todas as persoas no mesmo saco agora seguindo o seu hilo conductor decatámonos de que o que pasa actualmente non é algo novo. Conta Carretero detalles e encontróns que todos leímos na Gran Prensa Galega e todos coñecíamos pero o autor investiga, fala e asesorase nas fontes que son a base fundamental de esta Obra. Personaxes e personajillos que tiveron moito que ver na Galicia do mar, en esa Galicia da que se fala, pero que quizaves ninguén entende. Desá fotografía que mostraba a un Núñez Feijóo ac-

tual Presidente da Xunta un día soleado no yate de Marcial Dorado, histórico traficante aousano detido en 2003. Ou esas frases célebres, célebres e un decir en que un Sito Miñanco decía aos xueces da operación Necora “Menos mal que eu non creo na violencia por que se non matabáos a todos” A Picaresca do Lazarillo de Tormes parece salvando as distancias formar parte da política nacional sobre todo cantanos ou eso parece que para chegar ao poder, todo absolutamente todo, vale. Escribe Carretero “Non sei de que color é a coca nin o chocolate, nunca os vinña miña vida, nin quero velos” di Marcial Dorado ao periodista Felipe Suárez. Un libro cheo de información, crónica que se o leemos tranquilamente veremos o actual coma algo antigo e de sempre. E cando falas con persoas que pertencen ao PP contánche como se sacaron unha foto con tal personaxe importante e lle dan todo o valor a mesma ou cando lles arreglan unha estrada subénse por as paredes cando críticas a labor dun Goberno. Saltan no balcón de Génova con aire de vitoria cando xa pasau algún tempo e seguimos sin Goberno e vemos as rifas nos distintos medios de comunicación como se fosen un pai e un fillo

que non saben por onde ir. Isto se chama política ou picaresca ter aos cidadáns mirando todos os días os distintos medios de comunicación... E a xornalista defendendo en ocasións o idenfendible. Son estas persoas responsables. Unha persoa do Psde decíanos que nos seus tempos facíase política e que estaban máis preparados que hoxe.... Lanzaba unha pregunta ao aire, como se pode facer un plan para rematar contra a corrupción cando o mesmo partido a ten? Agora estamos noutro intre, noutro momento con xovenes protagonistas que queren ocupar un posto que non tiveron no seu lugar de procedencia e en Galicia xa non sabemos cantas escisións se fixeron. E unha loita do poder polo poder a política? Onde están os cidadáns?, que lugar ocupan neste lugar xeográfico? O certo que en calquer outro país algúns xa houberan dimtido. Quizaves temos que recordar as palabras que dixo e menciona Carretero no seu volume de Dwight D. Eisenhower militar, político e Presidente dos Estados Unidos (1890-1969) tra-la liberación de Auschwitz “Graben todo. Nalgun momento algún bastardo se erguerá e dirá que esto nunca sucedeu”

A Casa de Galicia en Madrid inaugura a nova tempada coa exposición "Retallos de melancolía" de Ángeles Mera

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia inaugura a nova tempada coa exposición "Retallos de melancolía" de Ángeles Mera, na que a pintora viñguesa ofrecerá a súa obra máis recente. Na ampla mostra, composta por un total de 42 óleos que ocupan as Salas A e B da Casa, predominan as paisaxes, especialmente as galegas, que a artista logra plasmar coa súa cálida e persoal percepción, dacadalo entre o impresionismo e o realismo.

No acto interviñeron o coordinador de Actividades da Institución, Ramón Jiménez, -en nome do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega-; María Jesús Martínez de Aguirre, amiga da

autora e coñecedora da súa obra; e a propia artista, Ángeles Mera.

Nas súas palabras, Ramón Jiménez lembrou que Ángeles mostrara xa a súa obra nesta Casa, en xullo de 2011, cunha mostra titulada "O tanxible e o inasible". "Xa entón puidemos refrescar a mirada nos fermosísimos bosques e paisaxes galegas que nos trouxo, unhas obras salpicadas de auga, flores e árbores. Con igual gratitude recibimos agora o frescor da renovada atmosfera atlántica con que nos obsequia", dixo, "un agasallo que se agradece especialmente nun día como hoxe en que as rúas desta cidade arden sen compaixón para os seus transeúntes".



"Retallos de melancolía" poderá ser visitada ata o día 29 de setembro, en horario de 10 a 14 e de 16 a 20 horas os días laborables. Domingos e festivos de 10 a 14 horas.



Jiménez deu paso a María Jesús Martínez de Aguirre e na súa presentación destacou que ademais de amiga persoal da autora, é cantante, e comentou a súa pertenza ao famoso trío "Lalalá", -o de Masiel cando gañou o Festival de Eurovisión en 1968-. Martínez de Aguirre leu un texto escrito ex profeso por Francisco de Pablos, da Real Academia de Belas Artes. Nel, de Pablos sinala que "Autenticidade sería a máis cabal cualificación para a pintura de Ángeles Mera, porque é como ela mesma: sinxela, intimista, un pouco melancólica, próxima á realidade, á referencia inmediata en calquera ámbito da Galicia rural ou mariñeira".

Tamén a describe como: "Pintura meditada, pausa dunha dimensión nova de ser e de descubrirse a se mesma, Ángeles Mera

realízase desta maneira nun xogo cromático altamente expresivo composto de múltiples sensacións que ela vai descubrindo a medida que se penetra nos seus cadros. Lugares e presenzas, plasmados con sincera e quente expresividade, a paisaxe resulta particularmente armoniosa de luces e cores, nunha narración equilibrada de volume, luces e sombras". Noutro momento subliñou que "Quen coñeza este entrañable país que é Galicia, e o ame, espontanea ou razonadamente, crerá ante as paisaxes de Ángeles Mera que coñece o lugar que reflicte".

Pola súa banda, a pintora, tras os agradecementos engadiu: "desexo que gocedes da miña pintura, que puiden realizar grazas ao compañeiro e profesor que tiven, Carlos Fernández Iglesias. Desde aquí, un recordo para el".



Vieja Europa - Marilena Nardi

Os retos de Europa en 50 caricaturas

Por Francisco Puñal Suárez

O Monasterio de San Benedetto, na localidade italiana de Conversano, provincia de Bari, é a sé da exposición "Os retos de Europa en 50 caricaturas", onde a sátira fustiga os seguintes temas, dunha forma directa: a falta de liberdade de expresión, a caída do euro, as consecuencias do Brexit, o rexeitamento aos refuxiados, a corrupción, o terrorismo, a gobernabilidade, a evasión fiscal, o populismo, e outros.

Nada é alleo aos debuxantes que, coas súas miradas, sinálanos as contradicións e incongruencias da vida política nunha Europa cada vez máis devaluada. O humor, a sátira e a ironía penétranos todo e atopan flaquezas alí onde todo aparenta ser monolítico.

Ao analizar as viñetas presentadas, chegamos á conclusión de que si seguimos así, a Unión Europea vai camiño da súa destrución, sen un modelo baseado na solidariedade e nas responsabilidades comúns.

A sátira ben feita - expresa Thierry Vissol, curador da mostra - suscita preguntas cruciais, cun humor que por natureza debe ser áspero. Son as preguntas que os políticos, funcionarios, xornalistas e especialistas deben estar moi dispostos a responder. As preguntas que deben alimentar un debate político e democrático saudable. Preguntas ás que os cidadáns teñen o dereito de obter respostas reais e non ser anestesiados. Un debate ao que todos os cidadáns debemos contribuír para construír un futuro mellor. Estes son os fundamentos da democracia, na miña opinión.



WW1 - Luigi Porceddu



La liberté - Agim Sulaj



Disco - Fabio Magnasciutti



Natación libre - Alexander Dubovsky



Viento peligroso - Antonio Sullo

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado

